

APARTADO E: ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL DE USO E XESTIÓN DO TERRITORIO DO GDR 24 – SEITURA 22



AXENCIA GALEGA
DE DESENVOLVEMENTO
RURAL



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

CONTIDO

E. Análise da situación actual de uso e xestión do territorio correspondente	5
E.1. Análise do uso e ocupación do territorio rural	5
E.1.1. Usos do solo	5
E.1.1.1. Análise do SIOSE	5
E.1.1.2. Análise do MFE	23
E.1.1.3. Análise do SIXPAC	28
E.1.1.4. Comparativa das diferentes análises	32
E.1.2. Xestión agrogandeira e forestal do territorio	33
E.1.2.2. Análise da orientación produtiva da SAU	34
E.1.2.3. Análise da superficie forestal	36
E.1.2.4. Análise estrutural das explotacións agrarias como xestoras do territorio	39
E.2. Caracterización da aptitude agraria e do abandono	59
E.2.1. Caracterización da aptitude agraria dos solos	59
E.2.2. Identificación de zonas incluídas en selos ou esquemas de certificación da calidade agroalimentaria (D.O, IXP) e/ou forestal	63
E.2.3. Caracterización do abandono das terras agrarias	64
E.2.4. Tendencias na xestión territorial por parte das explotacións agrogandeiras	73
E.2.5. Incidencia dos lumes forestais	94
E.3. Identificación, localización e caracterización das actividades de transformación e comercialización de producións agroforestais	96
E.4. Análise da aplicabilidade de instrumentos de recuperación de terras	105
E.4.1. Caracterización das estruturas de propiedade	105
E.4.1.1. O tamaño medio de parcela por concello e parroquia	105
E.4.1.2. A superficie de montes no territorio	112
E.4.2 Instrumentos de recuperación e de reorganización executados ou en curso	118

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

E.4.3 Valoración territorial da aplicabilidade dos instrumentos de recuperación e outros previstos na Lei 11/2021 e Lei 4/2015	122
E.4.4 Marco de ordenación de incidencia potencial	125
E.5. Identificación de axentes ou iniciativas interesadas na posta en produción de terra agraria ou no desenvolvemento de actividades de transformación e comercialización de produtos agroforestais	131
E.6. Anexos	135

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Clasificación e homoxeneización de coberturas SIOSE	7
Táboa 2. Superficies segundo a Cobertura establecida por SIOSE 2005 -2014	11
Táboa 3. Superficies segundo Clases de Cobertura SIOSE	12
Táboa 4. Superficies por concello e usos clasificado por SIOSE 2005 -2017	13
Táboa 5. Resumo de distribución dos usos por concello (SIOSE 2017)	16
Táboa 6. Superficie SAU nas parroquias (SIOSE 2017)	17
Táboa 7. Superficies segundo o MFE de máxima actualidade (2020)	24
Táboa 8. Superficies por concellos segundo o MFE de máxima actualidade (2020)	25
Táboa 9. Superficies segundo o SIXPAC de 2016 e de 2022	28
Táboa 10. Superficies segundo o SIXPAC de 2016 e de 2022 por concello	29
Táboa 11. Comparativa de superficies SIOSE 2005, SIOSE 2017, MFE 2020 e SIXPAC 2022	32
Táboa 12. Clasificación por usos do solo que forman a SAU	34
Táboa 13. Clasificación por concellos dos usos do solo que forman a SAU	35
Táboa 14. Masas arbóreas por concellos SIOSE 2014	37
Táboa 15. Superficie declarada na PAC 2022	39
Táboa 16. Superficie declarada na PAC 2022, por parroquias	42
Táboa 17. Superficie declarada na PAC 2022, por cultivos (superiores a 10 ha)	43
Táboa 18. Tamaño medio das explotacións e carga gandeira (Censo Agrario 2020)	44
Táboa 19. Orientación Técnico-Económica (OTE) no ámbito do GDR (Censo Agrario 2020)	45
Táboa 20. Número de explotación por OTE e concello (Censo Agrario 2020)	46
Táboa 21. Explotacións prioritarias e explotacións totais (Censo Agrario 2020)	48
Táboa 22. Densidade de explotacións prioritarias, por parroquia (Censo Agrario 2020)	49
Táboa 23. Tamaño medio das explotacións prioritarias, por parroquia (Censo Agrario 2020)	50

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Táboa 24. Tamaño medio das explotacións prioritarias de máis de 50 ha, por parroquia (Censo Agrario 2020)	53
Táboa 25. Produción estándar total de la explotación en miles de euros por OTE xerais (Censo Agrario 2020)	53
Táboa 26. Aproveitamentos madeireiros en montes de xestión privada por concellos. Consellería do Medio Rural 2022	57
Táboa 27. Aptitude agraria dos solos para os cultivos agrícolas de referencia	60
Táboa 28. Produtos agroalimentarios con certificación de calidade D.O.P./I.X.P. no ámbito do GDR24	63
Táboa 29. Superficies con potencialidade agraria no GDR por concello	64
Táboa 30. Superficies con potencialidade agraria no GDR segundo o MFE 2020 por parroquia	66
Táboa 31. Porcentaxe de parroquias con superficie infrautilizada de cada concello	72
Táboa 32. Información dos Xefes de explotación	74
Táboa 33. Tendencia das explotacións, comparativa 2009-2020:	76
Táboa 34. Viabilidade das explotacións	87
Táboa 35. Explotacións con Xefes de idade superior aos 60 anos	89
Táboa 36. Explotacións con Xefes de idade inferior aos 45 anos	90
Táboa 37. Tipo de SAU segundo a súa titularidade	91
Táboa 38. Incendios no período 2010-2020 por concello. Plan Básico Autonómico	94
Táboa 39. Empresas con actividade agroforestal	96
Táboa 40. Empresas con D.O.P/I.X.P no territorio do GDR-24	101
Táboa 41. Operadores do territorio do GDR 24 inscritos no Consello Regulador de Galicia.	101
Táboa 42. Empresas que contan coa marca Reserva da Biosfera	104
Táboa 43. Operadores con certificación FSC	104
Táboa 44. Tamaño medio das parcelas catastrais	105
Táboa 45. Montes por concello. Detalles.	112
Táboa 46. Montes. Resumo por concello	116
Táboa 47. Parroquias con menos de 100 habitantes como posibles zonas de aldeas modelo	118
Táboa 48. Iniciativas de Concentración Parcelaria ou Reestruturación Parcelaria en marcha actualmente	119
Táboa 49. Zonas de concentración ou reestruturación parcelaria cun abandono superior ó 50% do seu ámbito	122
Táboa 50. Relación de parroquias con potencial para implantación de polígonos agroforestais	123
Táboa 51. Plan urbanístico	125
Táboa 52. Plans sectoriais	127
Táboa 53. Proxectos Sectoriais	128
Táboa 54. Afeccións do territorio	129
Táboa 55. Directorio de empresas que elaboran da Denominación de Orixe Protexida Queixo Tetilla	132
Táboa 56. Directorio de empresas que elaboran produtos da Indicación Xeográfica Protexida Tenreira Galega	132



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Táboa 57. Directorio de empresas que elaboran produtos da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia.....	132
Táboa 58. Directorio de empresas que elaboran produtos do Consello Regulador Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA)	132

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1. Porcentaxe da superficie forestal, agrícola e de matogueira de cada concello do GDR – 24 (SIXPAC 2022)	31
Gráfico 2. Superficie de frondosas: caducifolias e perennifolias.....	38
Gráfico 3. Produción estándar total de la explotación en miles de euros por OTE xerais (Censo Agrario 2020).....	56
Gráfico 4. Xénero dos xefes da explotación.....	75
Gráfico 5. Número de explotacións con agricultura e gandería. 2019/2020	80
Gráfico 6. SAU (ha) de explotacións con agricultura e gandería. 2019/2020	81
Gráfico 7. UGT de explotacións con agricultura e gandería. 2019/2020	82
Gráfico 8. Número de explotacións con agricultura e sen gandería. 2019/2020	83
Gráfico 9. SAU (ha) de explotacións con agricultura e sen gandería. 2019/2020	84
Gráfico 10. Número de explotacións sen agricultura e con gandería. 2019/2020	85
Gráfico 11. UGT de explotacións sen agricultura e con gandería. 2019/2020.....	86
Gráfico 12. Titularidade da SAU.....	93

ÍNDICE DE IMAXES

Imaxe 1. Acceso á cartografía da páxina de ARCGIS – GDR Seitura 22	5
Imaxe 2. Versións SIOSE.....	6
Imaxe 3. Mapa de usos por municipio (SIOSE 2017)	233
Imaxe 4. Mapa Superficies por concellos segundo o MFE de máxima actualidade (2020).....	27
Imaxe 5. Mapa Superficies segundo o SIXPAC de 2022.....	30
Imaxe 6. Superficie declarada na PAC 2022	41
Imaxe 7. Número de explotacións (Censo Agrario 2020)	47
Imaxe 8. Mapa de Capacidade Produtiva do solo*	61
Imaxe 9. Mapa de superficie infrautilizada	65
Imaxe 10. Mapa dos Montes Veciñais en Man Común no GDR.....	115
Imaxe 11. Xestión do territorio: zonas de concentración e reestruturación parcelaria.....	121
Imaxe 12. Mapa de superficie con potencial para implantación de polígonos agroforestais	124


Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Análise da situación actual de uso e xestión do territorio correspondente

Toda a análise vai acompañada pola cartografía asociada ao mesmo, a cal é de consulta na seguinte dirección.

<https://bit.ly/gdr24seitura22>

Imaxe 1. Acceso á cartografía da páxina de ARCGIS – GDR Seitura 22



E.1. Análise do uso e ocupación do territorio rural

E.1.1. Usos do solo

Neste apartado preséntase unha análise das diferentes coberturas e usos actuais do presente GDR-24. Está análise realizase tanto a nivel total do GDR-24, como facendo unha distinción polos concellos que o integran.

Para a análise de datos referentes ao uso do solo tomaremos como base a información xeoespacial existente e consultada nas seguintes fontes:

- Sistema de Información sobre Ocupación do Solo de España (SIOSE) dos anos 2005, 2009, 2011, 2014 e 2017.
- Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC) anos 2007 e 2015.
- Mapa Forestal de España (MFE) do ano 2021.
- Mapa de Terras infrautilizadas do Laboratorio do Territorio (LaboraTe) da Escola Politécnica Superior de Lugo.
- Análise das coberturas e usos actuais da terra a nivel do GDR e a súa evolución nos últimos anos (comparar as superficies ou % de cada uso/grupo de usos), con especial atención a Superficie Agraria Utilizada (SAU).
- Censo Agrario 2020 do Instituto Nacional de Estadística.

Cabe destacar a imposibilidade de realizar unha comparativa entre as diferentes bases de información, debido á diferente base de datos e criterios empregados na súa elaboración.

E.1.1.1. Análise do SIOSE

A análise de usos do solo faise a partir dos procedementos de análise da información xeoespacial a través de ferramentas de edición dixital e xeoprocesos asociados de intersección das diferentes capas existentes. Con elas podemos determinar a composición de usos segundo a unidade territorial elixida e establecer unha relación de superficies que permiten valorar a evolución de coberturas do solo en función dos anos de elaboración das capas SIOSE.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

A este respecto cabe aclarar unha cuestión relativa á comparación de datos segundo o ano de elaboración. Dende os seus inicios, o SIOSE fíxose a escala de referencia 1:25.000, pero a partir de 2014, as novas necesidades en materia de ocupación do chan dos principais usuarios nacionais e europeos, demandan datos con maior detalle xeométrico, temático e temporal, estruturando a información de cubertas e usos do chan en total consonancia cos conxuntos de información xeográfica de referencia fundamentais para o Estado e as Comunidades Autónomas.

Xorde así o SIOSE de Alta Resolución, un novo sistema de información construído pola integración de fontes xeoespaciais de alto detalle, e ten como principal obxectivo a integración, harmonización e homoxeneización das mencionadas fontes para seguir sendo un produto de referencia na ocupación do chan en España.

Imaxe 2. Versións SIOSE



(Fonte: <https://www.siose.es>)

Polo tanto, temos que ter en conta que resulta complexo comparar as tipoloxías de cobertura para o ano 2017 dado que a maior precisión, maior categorización de coberturas, e isto fai necesario agrupalas para poder comparalas adecuadamente cos datos de anteriores anos, sobre todo para evitar análises que leven a erros.

Por iso elaboraremos dúas tipoloxías de táboas que permitan analizar os datos de forma homoxénea.

Tamén hai que subliñar que no SIOSEAR 2017, a base territorial utilizada é a que ven definida polas parcelas catastrais que pertencen ó Concello e non polo límite de concellos que se pode extraer do Instituto Xeográfico Nacional (IGN), e que é para o cal se consultaron os datos para os anos 2005 a 2014.

A continuación expóñense os datos por anos e superficies segundo a tipoloxía de uso, resultado da análise das fontes citadas para os anos 2005, 2009, 2011 e 2014 para a o conxunto do GDR24.

Primeiramente detállase a clasificación seguida para facilitar a comprensión dos datos en función das coberturas establecidas para os diferentes anos do SIOSE.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Táboa 1. Clasificación e homoxeneización de coberturas SIOSE

Codificación SIOSE 2014-2011-2009-2005 (CODIIGE)	Descrición SIOSE 2014-2011-2009-2005	CLASIFICACIÓN - C1 SIOSE 2014-2011-2009-2005	CÓDIGO 2017	Descrición SIOSE 2017	CLASIFICACIÓN - C2 INTEGRADA SIOSEAR 2017
111	Casco	Antrópico	101	Edificación	Antrópico
112	Ensanche		102	Zona verde artificial	
113	Descontinuo		104	Zonas pavimentadas	
114	Zona verde urbana		105	Piscina	
121	Instalación agrícola e/o gandeira		106	Balsas e estanques	
122	Instalación forestal		111	Outras construcións	
123	Extracción mineira		112	Construción deportiva	
130	Industrial		121	Solo non edificado	
140	Servicio dotacional		122	Zona aberta	
150	Asentamento agrícola, horta		132	Zonas de extracción	
162	Porto		133	Zonas de vertido	
163	Aeroporto				
171	Infraestrutura de subministro				
172	Infraestrutura de residuos		140 a 145	Rede viaria o ferroviaria	
161	Rede viaria o ferroviaria				
210	Cultivo herbáceo	Cobertura herbácea	222	Froiteiro cítricos	Superficie agraria útil
240	Prado		223	Froiteiros no cítricos	
320	Pasteiro o herbal		224	Froitos secos	

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Codificación SIOSE 2014-2011-2009-2005 (CODIIGE)	Descrición SIOSE 2014-2011-2009-2005	CLASIFICACIÓN - C1 SIOSE 2014-2011-2009-2005	CÓDIGO 2017	Descrición SIOSE 2017	CLASIFICACIÓN - C2 INTEGRADA SIOSEAR 2017
220	Invernadoiro	Cultivo	231	Viñedo	
231	Froiteiro cítrico	Froiteiras	232	Oliveiral	
232	Froiteiro no cítrico		251	Viñedo-oliveiral	
233	Viñedo		252	Viñedo-froiteiro	
234	Oliveiral		253	Froitos secos e viñedo	
235	Outros cultivos leñosos		254	Asociación cítricos-viñedo	
236	Combinación de cultivos leñosos		255	Froitos secos e oliveiral	
250	Combinación de cultivos		256	Oliveiral-froiteiro	
260	Combinación de cultivos con vexetación		Cultivo	257	Asociación oliveiral-cítricos
		258		cítricos-froiteiros	
		259		cítricos-froiteiros cáscara	
		260		Froiteiros - froiteiros de cáscara	
		241		Outros cultivos permanentes	
		280		Horta	
		290		Prados	
		300		Pasteiro	
			302	Pasto arborado	Bosques

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Codificación SIOSE 2014-2011-2009-2005 (CODIIGE)	Descrición SIOSE 2014-2011-2009-2005	CLASIFICACIÓN - C1 SIOSE 2014-2011-2009-2005	CÓDIGO 2017	Descrición SIOSE 2017	CLASIFICACIÓN - C2 INTEGRADA SIOSEAR 2017
313	Bosque mixto	Bosque mixto	310	Arborado	
311	Bosque de frondosas	Bosque de frondosas	312	Fronosas caducifolias	
			313	Fronosas perennifolias	
312	Bosque de coníferas	Bosque de coníferas	316	Coníferas	
330	Mato	Matogueira	320	Mato	Matogueira
340	Combinación de vexetación		301	Pasteiro-mato	
351	Praia, duna o areal	Terreo sen vexetación	331	Praias, dunas e areais	Terreo sen vexetación
352	Afloramento rochosos e rochedo		351	Acantilados mariños	
353	Temporalmente desarborado por incendios		354	Coladas lávicas	
354	Solo espido		330	Terreos con escasa o nula vexetación	
411	Zona húmida e pantanosa	Auga	400	Coberturas húmidas	Auga
412	Turbeira		412	Turbeiras	
514	Lámina de auga artificial		500	Coberturas de auga	
511	Curso de auga		511	Cursos de auga	
512	Lago o lagoa		513	Lagos e lagoas	
513	Embalse		514	Embalses	
413	Marisma	Mar	421	Marismas	Mar
515	Mar		523	Mares e océanos	

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Codificación SIOSE 2014-2011-2009-2005 (CODIIGE)	Descrición SIOSE 2014-2011-2009-2005	CLASIFICACIÓN - C1 SIOSE 2014-2011-2009-2005	CÓDIGO 2017	Descrición SIOSE 2017	CLASIFICACIÓN - C2 INTEGRADA SIOSEAR 2017
414	Salina		423	Salinas	
516	Glaciar e/ou neve perpetua	Glaciar e/ou neve perpetua	335	Glaciares e neves permanentes	Glaciar

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Para a presentación establécense dúas clasificacións dos datos de superficie en función da cobertura SIOSE:

- Clasificación C1: Simplificación de coberturas do SIOSE 2005 a 2014.
- Clasificación C2: Homoxeneización de coberturas do SIOSE 2005 a SIOSEAR 2017.

Táboa 2. Superficies segundo a Cobertura establecida por SIOSE 2005 -2014

CLASIFICACIÓN -C1	SUPERFICIE (ha) POR ANOS SIOSE				PORCENTAXES (%)	
	2014	2011	2009	2005	% Respecto ao total do territorio ano 2014	Variación comparativa 2005-2014
Antrópico	9.065	9.479	9.479	9.136	5,59%	-0,79%
Bosque de coníferas	6.744	5.734	5.734	5.911	4,16%	12,35%
Bosque de frondosas	39.617	40.825	40.825	41.144	24,42%	-3,85%
Bosques mixtos	34.453	31.651	31.592	32.037	21,24%	7,01%
Cobertura herbácea (SAU)	18.676	19.340	19.424	19.865	11,51%	-6,37%
Cultivos (SAU)	20.980	20.159	20.075	20.482	12,93%	2,37%
Cursos de auga	81	82	82	82	0,05%	-0,79%
Embalses	749	748	748	749	0,46%	-0,03%
Froiteiras (SAU)	50	41	41	0	0,03%	100,00%
Lagoas	983	527	527	118	0,61%	87,99%
Lámina de auga	2	2	2	2	0,00%	0,00%
Mares	690	222	222	222	0,43%	67,80%
Marismas	438	440	440	440	0,27%	-0,44%
Matogueira	25.148	27.452	27.512	26.250	15,50%	-4,38%
Praias e areais	565	553	553	551	0,35%	2,49%
Rede viaria	1.290	1.362	1.362	1.244	0,79%	3,53%
Salinas	0	0	0	0	0,00%	0,00%
Terreos sen vexetación	2.684	3.077	3.077	3.459	1,65%	-28,90%
Zonas húmidas	6	6	6	6	0,00%	0,00%

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

En xeral, a nivel de GDR24, entre os anos 2005 e 2014 non se observan cambios relevantes na dinámica de usos, pero si se pode observar un aumento das superficies que engloban os bosques e unha tendencia á baixa na cobertura de cultivos.

Na seguinte táboa faise unha simplificación dos usos identificados SIOSE 2017 e buscando agrupar en grupos homoxéneos cos datos do SIOSE 2005 a 2014, tal e como se pode ver na seguinte táboa coa agrupación de coberturas nas clases de cobertura definidas:

Táboa 3. Superficies segundo Clases de Cobertura SIOSE

CLASIFICACIÓN - C2	SUPERFICIES (ha) POR ANOS SIOSE					PORCENTAXES (%)		
	2017	2014	2011	2009	2005	% Respecto ao total do territorio ano 2017	% Respecto ao total do territorio ano 2014	% Variación comparativa 2005-2014
Antrópico	13.032	10.355	10.841	10.841	10.380	3,35%	2,81%	-0,25%
Auga	75.436	75.466	73.860	73.801	74.563	19,40%	20,49%	1,20%
Bosques	109.715	92.746	91.817	91.841	93.046	28,21%	25,18%	-0,32%
Mar	26.538	26.131	27.980	28.039	26.368	6,82%	7,10%	-0,91%
Matogueira	357	565	553	553	551	0,09%	0,15%	2,49%
Superficie agraria útil	1.322	801	791	791	751	0,34%	0,22%	6,18%
Zonas sen vexetación	162.453	162.220	161.702	161.702	161.700	41,78%	44,05%	0,32%
TOTAL	388.853	368.284	367.544	367.569	367.360			

Segundo o comentado para facer unha análise máis correcta, agrupáronse as coberturas de solo ata o un nivel de homoxeneidade que permite comparalas correctamente.

Os datos que se desprenden desta táboa, en base aos datos do Sistema de Información sobre Ocupación do Solo de España (SIOSE), datando o último dato do ano 2017 (presentado en formato de alta resolución) pode observarse que a maior parte do territorio do GDR-24 ten cobertura vexetal integrada por formacións boscosas, como pode observarse con un 51,06%. A nivel xeral

observase unha tendencia positiva na superficie ocupada pola cobertura de bosques.

A Superficie Agraria Utilizada (SAU) ten una extensión no ano 2017 de 35.943 ha, que representa o 22,13% do territorio do GDR, entendendo como tal a suma das coberturas das categorías “Prados”, “Cultivos herbáceos e prados”, “Cultivos herbáceos”, “Pasteiro”, “Froiteiros non cítricos”, “Horta”, “Viñado”, “Cultivos”, “Froitos secos” e “Viñado-froiteiro”.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Para o cálculo da Superficie Agraria Utilizada (SAU) no SIOSEAR 2017 non se tivo en conta a superficie de coberturas equivalentes a “Pateiro-matogueira”, “Pasto arbustivo”, dado que non son análogas ás do SIOSE 2005 A 2014. Principalmente son superficies de matogueira, que se considera máis adecuado incluílas na clase definida de “Matogueira” no caso da cobertura “Pateiro-matogueira”, e en Bosques no caso de “Pasto arbustivo” dado que si se inclúen na superficie agraria útil estaríamos incluíndo superficie que non está sendo utilizada a efectos reais como superficie agraria útil (aínda que parte destas superficies si existen pasteiros). Estas dúas coberturas segundo datos do SIOSE 2017 representan unha

superficie de 15.092 ha, con unha porcentaxe sobre o total do territorio do GDR-24 de 9,29 %.

Para estas superficies, a efectos de identificar e comparar correctamente as superficies de “Pasto” e “Matogueira” debemos recorrer aos datos extraídos das análises de datos SIXPAC que achegan unha información máis acertada con respecto a estes usos.

A continuación, avaliaremos a situación de coberturas SIOSE a nivel municipal e seguindo a estrutura definida con anterioridade.

Táboa 4. Superficies por concello e usos clasificado por SIOSE 2005 -2017

(ver E.5. Anexos)

Analizando os datos dos diferentes concellos que conforman o GDR-24, vemos que todos eles seguen unha tendencia común, onde a maior superficie do concellos está ocupada por bosques, en moitos dos casos ocupando ata máis dun 50% da superficie total do concello, e onde a menor superficie do concello adoita estar ocupada por auga. Existen excepcións coma os concellos de Ares, Mugardos ou Narón onde a maior parte da superficie está ocupada por superficie agraria útil.

A continuación faise unha análise máis polo miúdo da situación do SIOSE 2005 – 2017 en cada concello do territorio GDR-24.

- **Ares:** A clasificación que representaba unha maior porcentaxe de superficie respecto á total do concello no ano 2017 era a SAU, cun 23% da superficie total. Sen embargo, é obxecto de mención, que maila ser a clasificación maioritaria da superficie do concello, ven sufrindo unha diminución progresiva de dende o ano 2005, pasando de

778,90 ha no ano 2005 as 498,61 ha do ano 2017. Pola contra, os solos antrópicos e matogueiras, sufriron un incremento na súa superficie nos anos analizados, situándose no ano 2017 cun 17,31% e 23,02% do total da superficie, respectivamente.

- **Cabanas:** A clasificación que presenta unha maior porcentaxe de superficie respecto á total do concello no ano 2017 foi a de bosques, cun 54,23% da superficie total e con 1603,36 ha. Todas as clasificacións seguiron un patrón constante ó longo sen grandes variacións nas porcentaxes de superficie que representan, agás as zonas sen vexetación e de matogueira. As zonas sen vexetación, diminuíron un 81% a súa superficie dende o ano 2005 ata o 2017, mentres que as matogueiras incrementaron en 150 ha a súa superficie.
- **A Capela:** os usos de solo que representan unha maior porcentaxe de ocupación do territorio no concello son os



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

- bosques, cun 50,27% da superficie total do concello, é a SAU cun 36,24% do total. En xeral, os diferentes usos do solo seguiron unha tendencia á alza, sendo a superficie de bosques a que máis número de hectáreas aumentou ó longo dos anos analizados (516,67 ha). Existe unha excepción nesta tendencia a alza, na superficie de matogueira e as zonas sen vexetación que diminuíron a súa superficie en 593,44 ha e 302,58 ha, respectivamente, dende o ano 2005 ó 2017.
- **Cariño:** A clasificación con un maior porcentaxe de superficie respecto ó total do concello segue a ser a superficie de bosque cun 43,19% da superficie total, maila presentar unha diminución de 115 ha nos anos analizados. A superficie de bosque e zonas sen vexetación, tamén diminuíu notoriamente, en torno ó 30% cada un dende 2005 ó 2017; pola contra, a superficie de matogueira incrementouse nun 65% no concello.
 - **Cedeira:** A clasificación que representaba unha maior porcentaxe de superficie respecto á total do concello no ano 2017 era a SAU, cun 56,25 % da superficie total. Destaca os casos de zonas sen vexetación e o uso antrópico. As zonas sen vexetación diminuíron a superficie nun total de 76 ha, que foron repartidas entre superficie de matogueiras e solos de uso antrópicos; pola contra, o uso de solo antrópico veu incrementada a súa superficie nun 125% dende no período analizado.
 - **Cerdido:** No caso deste concello, destaca a superficie de bosques cun máis da metade (77%) da superficie clasificado como bosque. Chama a atención a diminución de SAU que se traduciu nun aumento de solo antrópico. O resto de clasificacións, non sufriron modificacións significativas nos períodos analizados.
 - **Fene:** O uso de superficie que representa un maior número de hectáreas neste concello son os bosques e a SAU, cun 41,72% e 30,81% de superficie respectivamente. No período analizado, produciuse unha notoria diminución do solo antrópico que pasou de representa o 30% da superficie total a representar pouco mais do 20%, que se traduciu nun incremento equivalente na superficie de SAU.
 - **Ferrol:** Neste concello existe un reparto equitativo de superficie entre os usos con un maior número de hectáreas, bosque, uso antrópico e matogueiras, representado cada un deles en torno ó 25% da superficie. Cabe mencionar o caso dos solos de uso antrópico e matogueira, que no período analizado incrementaron a súa superficie nun 42% e 22%. No caso contrario, atópase a superficie de SAU e zonas sen vexetación, que se viron diminuídas nun 36% e 58% respectivamente.
 - **Mañón:** O maior número de superficie do concello, cun 56,40%, é ocupado por bosques. Destaca neste concello a perda de superficie nas zonas sen vexetación cun 54% que se traduciu nun incremento do solo antrópico dun 64% no período analizado.
 - **Miño:** O uso de superficie que representa un maior número de hectáreas neste concello é o bosque cun 44% do total da superficie. Destaca o caso da superficie de matogueiras que pasou das 22 ha no ano 2005, a contar cun total de 424 ha no 2017. No caso da superficie da SAU e zonas sen vexetación, diminúen a súa superficie en torno ó 30%.
 - **Moeche:** O maior número de superficie do concello no ano 2017, cun 60,74%, é ocupado por bosque. Destacan a superficies de uso antrópico e das zonas sen vexetación que viron incrementar neste período as súas superficies en máis do dobre.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

- **Monfero:** O uso de superficie que representa un maior número de hectáreas no concello é a de bosques, con mais do 50% da superficie total do concello. Destaca o uso de solo antrópico que aumentou a súa superficie amplamente no período de análise, quintuplicando a súa superficie. Os demais tipos de uso perderon superficie no período 2005 – 2017.
 - **Mugardos:** Neste concello existen tres usos de solos principais, antrópico, bosques e SAU, que ronda cada un deles o 25% da superficie. Maila isto, destaca o aumento de zona de matogueira nos anos de análise, pasando de contar cun baixo número de hectáreas a achegarse as 200ha.
 - **Narón:** A maioría da superficie do concello repártese entre bosques e SAU, cun 33% cada un dos usos. É destacable a perda de superficie de zonas sen vexetación, que no ano 2017 só contaba con 45 ha; que se traduciu nun aumento da superficie de matogueira no concello.
 - **Neda:** A superficie maioritaria do concello está ocupada por bosques cun 52,20% do total. É notorio a perda de superficie das zonas sen vexetación que no período do 2005 – 2017 perdeu un 95 % da súa superficie, o que se traduce no aumento de outros usos como o de matogueira ou SAU.
 - **Ortigueira:** O uso de superficie que representa un maior número de hectáreas no ano 2017 con diferenza son os bosques, cun 62% da superficie total do concello. Destaca a perda de matogueiras no período de análise e o considerable aumento das zonas sen vexetación no concello.
 - **Pontedeume:** Maila perder algo de superficie nos anos analizados, os bosques seguen ser o uso de maior ocupación no concello cun 45 % da superficie total. Destaca o aumento de matogueiras nestes anos, pasando de pouco máis de 30 ha a situarse nas 288 h, coincidindo cunha perda de superficie de SAU moi semellante.
 - **Pontes de García Rodríguez (As):** Neste concello, o maior número de hectáreas están ocupadas por bosques, representando un 44% da superficie total. Todos os demais usos perderon superficie no período de análise, o que se traduciu nun incremento considerable da superficie nas zonas sen vexetación.
 - **San Sadurniño:** A superficie maioritaria do concello está ocupada por bosques con case un 65% do total. Destaca a perda de superficie de SAU que se traduciu nun incremento da superficie de solo antrópico e das zonas sen vexetación, dobrando o seu número de hectáreas.
 - **Somozas (As):** A superficie dos bosques no concello mantívose durante o período de análise, sendo o uso cun maior número de hectáreas (58% da superficie). Destaca o aumento de superficie das zonas sen vexetación e de uso antrópico, que se traduce na perda de matogueira e SAU.
 - **Valdoviño:** Os bosques seguen a ocupar a maior parte da superficie do concello maila perder superficie no período analizado. Tanto as zonas sen vexetación como a SAU, viron minguar o número de hectáreas, o que traduciu nun aumento de superficie de matogueira e solo antrópico.
 - **Vilarmaior:** Neste concello os bosques ocupan a maior parte da superficie, con un 64 % das hectáreas totais. Destaca o incremento de superficie a matogueira triplicando o número de hectáreas, mentres que se deu unha perda de hectáreas ocupadas por solo antrópico e SAU.
- Na seguinte táboa preséntase a distribución dos principais usos da terra no GDR-24 desagregados por concellos.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Táboa 5. Resumo de distribución dos usos por concello (SIOSE 2017)

CONCELLOS	SAU (ha)	Mato (ha)	Bosques (ha)	% SAU	% Mato	% Bosques
ARES	498,61	421,21	487,39	35,43	29,93	34,64
CABANAS	593,29	351,00	1.603,36	23,29	13,78	62,94
CAPELA (A)	2.074,53	531,61	2.877,38	37,83	9,69	52,47
CARIÑO	656,96	1.338,70	2.080,12	16,12	32,85	51,04
CEDEIRA	1.994,95	1.153,99	4.857,30	24,92	14,41	60,67
CERDIDO	796,68	143,71	4.083,08	15,86	2,86	81,28
FENE	845,79	171,56	1.145,47	39,11	7,93	52,96
FERROL	1.246,91	2.171,23	2.449,69	21,25	37,00	41,75
MAÑÓN	2.032,07	1.086,46	4.677,71	26,06	13,94	60,00
MIÑO	723,32	423,78	1.462,98	27,71	16,24	56,05
MOECHE	1.253,99	256,81	2.933,98	28,21	5,78	66,01
MONFERO	3.723,86	3.564,54	9.255,35	22,51	21,55	55,94
MUGARDOS	354,36	186,00	329,28	40,75	21,39	37,86
NARÓN	2.236,47	945,22	2.193,63	41,61	17,58	40,81
NEDA	564,42	292,01	1.243,84	26,87	13,90	59,22
ORTIGUEIRA	5.067,68	1.490,49	12.966,75	25,95	7,63	66,41
PONTEDEUME	782,25	288,70	1.391,69	31,76	11,72	56,51
PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (AS)	3.616,80	7.248,96	10.928,19	16,60	33,26	50,14
SAN SADURNIÑO	2.248,46	1.021,66	5.901,00	24,52	11,14	64,34
SOMOZAS (AS)	1.758,48	770,75	4.110,37	26,48	11,61	61,91
VALDOVIÑO	2.222,74	1.220,31	4.033,95	29,73	16,32	53,95
VILARMAIOR	650,27	203,14	1.944,05	23,25	7,26	69,49
TOTAL	35.942,88	25.281,84	82.956,55	24,93	17,53	57,54

A maior porcentaxe de SAU media do total de usos, téñena os concellos de A Capela, Mugardos, Fene e Narón e a menor os

concellos de Cariño, Cerdido e As Pontes de García Rodríguez, onde a ocupación é mais residencial.



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Os concellos de Ortigueira, As Pontes de García Rodríguez e Monfero son os que teñen maior porcentaxe de superficie forestal do territorio abarcado polo GDR-24 e son os que maiores cambios de uso a bosque de frondosas ou coníferas sufriron entre os anos 2005 e 2014.

Facendo unha análise da SAU por parroquias, realizouse a seguinte táboa.

Táboa 6. Superficie SAU nas parroquias (SIOSE 2017)

Parroquias	Superficie (ha)
A CAPELA	5.770,55
A Capela (Santiago)	3.879,49
Caaveiro (San Boulo)	720,98
Cabalar (Santa María)	1.170,08
ARES	1.812,64
Ares (San Xosé)	744,11
Caamouco (San Vicente)	381,30
Cervás (San Pedro)	687,23
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ	24.882,01
A Faeira (San Pedro)	1.249,26
As Pontes de García Rodríguez (Santa María)	4.708,44
Bermui (Santiago)	889,04
Espiñaredo (Santa María)	911,70
Goente (San Martiño)	1.532,58
O Aparral (Santa María)	1.286,03
O Deveso (Santa María)	715,68
O Freixo (San Xoán)	4.380,21
Ribadeume (Santa María)	1.536,30
San Pedro de Eume (San Pedro)	2.254,98
Seoane (San Xoán)	654,35
Somede (San Mamede)	1.798,88
Vilavella (Santa María)	2.964,57

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Parroquias	Superficie (ha)
AS SOMOZAS	7.101,77
As Enchousas (San Pedro)	808,14
As Somozas (Santiago Seré)	2.107,81
Recemel (Santa María)	2.206,83
Seixas (Santa María)	1.978,99
CABANAS	3.009,60
Cabanas (Santo André)	182,62
Íris (Santo Estevo)	308,82
Laraxe (San Mamede)	504,57
Regoela (San Vicente)	365,43
San Martiño de Porto (San Martiño)	314,20
Santa Cruz do Salto (Santa Cruz)	590,05
Soaserra (Santa Olaia)	743,91
CARIÑO	4.718,74
A Pedra (Santa María)	1.953,38
Cariño (San Bartolomeu)	1.135,44
Feás (San Pedro)	200,42
Landoi (Santiago)	1.180,29
Sismundi (Santo Estevo)	249,20
CEDEIRA	8.551,87
Cedeira (Santa María do Mar)	716,19
Cervo (Santalla)	1.232,56
Esteiro (San Fiz)	889,35
Montoxo (San Xiao)	1.430,82
Piñeiro (San Cosme)	471,38
Régoa (Santa María)	2.857,81
San Román de Montoxo (San Román)	953,77
CERDIDO	5.272,20
A Barqueira (Santo Antonio)	2.168,83
Cerdido (San Martiño)	2.255,13
Os Casás (San Xoán)	848,24
FENE	2.700,93

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Parroquias	Superficie (ha)
Barallobre (Santiago)	426,92
Fene (San Salvador)	159,25
Limodre (Santa Eulalia)	219,00
Magalofes (San Xurxo)	375,01
Maniños (San Salvador)	334,28
Perlío (Santo Estevo)	201,45
San Valentín (San Valentín)	11,31
Sillobre (Santa Mariña)	973,72
FERROL	8.247,91
A Cabana (Santo Antonio)	141,09
A Graña (Santa Rosa de Viterbo)	134,38
Brión (Santa María)	694,69
Covas (San Martiño)	1.122,00
Doniños (San Román)	1.577,29
Esmelle (San Xoán)	751,43
Ferrol	980,85
Leixa (San Pedro)	128,24
Mandiá (Santa Uxía)	775,73
Marmancón (San Pedro)	216,21
San Xurxo da Mariña (San Xurxo)	800,35
Santa Cecilia de Trasancos (Santa Cecilia)	282,55
Serantes (San Salvador)	643,11
MAÑÓN	8.064,06
As Grañas do Sor (San Mamede)	3.207,69
As Ribeiras do Sor (San Cristovo)	772,53
Bares (Santa María)	753,62
Mañón (Santa María)	2.373,52
Mogor (Santa María)	956,71
MIÑO	3.277,69
Bemantes (San Tomé)	499,86
Callobre (San Xoán)	538,55
Carantoña (San Xulián)	378,23

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Parroquias	Superficie (ha)
Castro (Santa María)	404,30
Leiro (San Salvador)	248,69
Miño (Santa María)	433,54
Perbes (San Pedro)	398,15
Vilanova (San Xoán)	376,37
MOECHE	4.850,17
Abade (Santiago)	987,86
Labacengos (Santa María)	1.264,27
San Xoán de Moeche (San Xoán)	702,93
San Xurxo de Moeche (San Xurxo)	976,39
Santa Cruz de Moeche (Santa Cruz)	918,72
MONFERO	17.197,08
O Alto de Xestoso (Santa María)	3.526,89
O Val de Xestoso (San Pedro)	3.064,26
Queixeiro (San Xurxo)	1.779,86
San Fiz de Monfero (San Fiz)	6.119,34
Santa Xíá de Monfero (Santa Xíá)	1.255,31
Taboada (Santa Mariña)	439,81
Vilachá (Santa María)	1.011,62
MUGARDOS	1.227,20
Franza (Santiago)	479,38
Meá (San Vicente)	238,82
Mugardos (San Xulián)	340,74
Piñeiro (San Xoán)	168,27
NARÓN	6.694,95
Castro (Santa María)	479,44
Doso (San Lourenzo)	298,20
Narón	1.103,97
O Val (Santa María a Maior)	1.378,17
Pedroso (San Salvador)	1.115,46
San Xiao de Narón (San Xiao)	559,83
Sedes (Santo Estevo)	1.304,84

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa


Parroquias	Superficie (ha)
Trasancos (San Mateo)	455,02
NEDA	2.366,08
Anca (San Pedro)	621,67
Neda (San Nicolás)	52,51
Santa María de Neda (Santa María)	1.247,98
Viladonelle (Santo André)	443,92
ORTIGUEIRA	21.090,18
As Neves (Santa María)	1.756,92
Barbos (San Xulián)	478,25
Céltigos (San Xulián)	783,62
Couzadoiro (San Cristovo)	2.211,43
Cuíña (Santiago)	498,84
Devesos (San Sebastián)	2.478,40
Espasante (San Xoán)	735,18
Insua (San Xoán)	1.580,17
Ladrado (Santalla)	495,47
Loiba (San Xulián)	1.436,72
Luama (San Martiño)	368,02
Luía (Santa María)	203,41
Mera de Abaixo (Santiago)	1.101,90
Mera de Arriba (Santa María)	913,61
O Ermo (San Xulián)	983,00
O Mosteiro (San Xoán)	315,76
Ortigueira (Santa Marta)	75,73
Os Freires (San Paulo)	622,10
San Claudio (Santa María)	956,81
San Salvador de Couzadoiro (San Salvador)	1.294,15
Senra (San Xulián)	669,98
Veiga (Santo Adrao)	1.130,74
PONTEDEUME	2.934,99
Andrade (San Martiño)	443,13
Boebre (Santiago)	255,91

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Parroquias	Superficie (ha)
Breamo (San Miguel)	422,60
Centroña (Santa María)	207,23
Nogueirosa (San Cosme)	467,75
Ombre (Santa María)	853,53
Pontedeume (Santiago)	114,95
Vilar (San Pedro)	169,88
SAN SADURNIÑO	9.964,01
Bardaos (Santa María)	697,14
Ferreira (San Paio)	1.577,83
Igrexafeita (Santa María)	1.734,51
Lamas (San Xiao)	1.288,95
Naraío (Santa María)	1.959,19
San Sadurniño (Santa María)	1.198,25
Santa Mariña do Monte (Santa Mariña)	1.508,15
VALDOVIÑO	8.855,42
Lago (Santiago)	1.018,01
Loira (San Pedro)	943,56
Meirás (San Vicente)	1.225,19
O Sequeiro (Santa María)	709,07
Pantín (Santiago)	1.276,93
Valdoviño (Santalla)	1.798,38
Vilaboa (San Vicente)	963,48
Vilarrube (San Martiño)	920,79
VILARMAIOR	3.020,58
Doroña (Santa María)	594,10
Goimil (San Cristovo)	180,01
Grandal (San Pedro)	714,35
Torres (San Xorxe)	521,99
Vilamateo (Santiago)	522,48
Vilarmaior (San Pedro)	487,67

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Imaxe 3. Mapa de usos por municipio (SIOSE 2017)



E.1.1.2. Análise do MFE

O Mapa Forestal Español (MFE) é a cartografía básica a nivel estatal, a cal se atopa desgregada nas diferentes comunidades autónomas, que recolle a distribución dos ecosistemas forestais españois. Trátase dun proxecto liderado pola Dirección Xeral de Biodiversidade, Bosques e Desertificación utilizando unha

metodoloxía de traballo baseada na foto interpretación, con comprobación en campo.

O MFE proporciona información vectorial detallada e homoxénea para a totalidade do territorio español do tipo estrutural ou uso

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

principal de cada tesela, do grado de cobertura e das principais especies arbóreas cartografadas, entre outras. Constitúe a base cartográfica do Inventario Forestal Nacional (IFN) e, por tanto, analogamente a IFN, ten carácter continuo e unha periodicidade de actualización, polo menos, decenal.

Para o seu estudo empregouse a cartografía vectorial do MFE de máxima actualidade de Galicia, actualizado a decembro de 2020 e que conta cunha escala 1:25.000.

Froito de dito estudo elaborouse a seguinte táboa a nivel do GDR-24 onde se definen os principais usos e a superficie abarcada por estes.

Táboa 7. Superficies segundo o MFE de máxima actualidade (2020)

Tipo de Superficie	Superficie (ha)	% da Superficie total
Herbal	1.248,22	0,77%
Matogueira	20.286,51	12,56%
Superficie agrícola	38.940,80	24,10%
Superficie artificial*	7.072,22	4,38%
Superficie con escasa ou nula vexetación	855,60	0,53%
Superficie de auga	1.271,78	0,79%
Superficie forestal	91.630,34	56,71%
Superficie húmida**	271,54	0,17%
TOTAL	161.577,00	

* Superficie artificial: Asentamentos urbanos, zonas industriais e comerciais, portos e aeroportos, redes de transporte, entre outras, e vexetación non incluída noutras clasificacións.

**Superficie húmida: Superficies cubertas total ou parcialmente por auga, como turbeiras, embalses, lagoas...

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Atendendo aos datos amosados na anterior táboa, podemos ver que destacan a superficie forestal con 91.630,34 ha seguida da superficie agrícola 38.940,80 ha que conta cun valor que case dobra a superficie a matogueira 20.286,51 ha.

En comparación co punto anterior, o MFE ten fronte ó SIOSE as súas diferencias. Isto ven motivado polos modelos empregados para definir cada cartografía e cada uso. A superficie de Mato é aproximadamente un 25% superior no SIOSE 2017 que no MFE

(25.281,84 ha e 20.286,51 ha respectivamente). En canto ao Bosque, o SIOSE cuantifica un total de 82.956,55 ha e no MFE 91.630,34 ha, sendo superior esta última en pouco máis dun 10%. A Superficie Agraria no SIOSE é de 35.942,88 ha e no MFE, 38.940,80 ha, case un 10% superior. No MFE a superficie é maior en Bosque e Superficie Agraria.

A continuación faise a mesma distinción de usos do solo pero desagregado polos diferentes concellos que conforman o GDR 24.

Táboa 8. Superficies por concellos segundo o MFE de máxima actualidade (2020) (ver E.. Anexos)

En canto á diferenciación por concellos obsérvase unha liña común na gran maioría de concellos, unha maior superficie forestal que agrícola, agás nos concellos de Narón, Mugardos e Ares. Destaca o caso de Cerdido onde a superficie forestal supera o 80%. Tamén citar a baixa superficie artificial da meirande parte de concellos, excepto nos concellos de Ferrol e Fene, que malia sufrir unha diminución da superficie artificial entres os anos 2017 – 2020, continúan a ser os concellos do territorio con maior porcentaxe de superficie deste tipo.

A continuación faise unha análise máis polo miúdo da situación do MFE no ano 2020 para cada un dos concellos.

- **Ares:** A meirande parte da superficie do concello é agrícola e forestal. Entre ambos usos ocúpase un 75% da superficie do concello. En canto as matogueiras, representa un 16 % da superficie do concello, mentres que a superficie artificial só representa un 7% da total. No concello no ano 2020, apenas existían zonas sen vexetación.
- **Cabanas:** A superficie forestal no concello representa o 63% da total do concello, seguida da superficie agrícola que conta

co 26% da superficie. En canto os demais tipos de superficie, a suma das súas hectáreas representa só un porcentaxe do 9,22%.

- **A Capela:** Os tres tipos de superficie que representan un maior porcentaxe da superficie do concello, son por orde, a superficie forestal (47%), superficie agrícola (29%) e superficie matogueira (23%). Os demais tipos de superficie presentan un porcentaxe nulo ou pouco significativo.
- **Cariño:** O maior número de hectáreas están ocupadas por superficie forestal cun 54% da total, seguida da superficie de matogueira cun 28% das hectáreas. A superficie agraria conta cun 11% da superficie total dos concellos. En canto o resto das superficies, representan un total do 5,84% das hectáreas totais.
- **Cedeira:** Os tres tipos de superficie que representan un maior porcentaxe da superficie do concello, son por orde, a superficie forestal (62%), superficie agrícola (21%) e superficie matogueira (10%). Os demais tipos de superficie presentan un porcentaxe nulo ou pouco significativo.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

- **Cerdido:** A superficie forestal, representa a maior parte as hectáreas totais do concello (80%), seguido da superficie agraria co 19% da superficie total. O resto das superficies representan unha porcentaxe case nula.
- **Fene:** A maioría da superficie do concello está ocupada por superficie forestal e agraria, representando un 46 e 35% respectivamente. En canto a superficie artificial, representa unha porcentaxe do 17% das hectáreas totais do concello. Os demais tipos de superficie teñen unha representación pouco significativa.
- **Ferrol:** Neste concello existe un reparto bastante equitativo dos diferentes tipos de superficie. Desmárcase a superficie forestal sobre os demais usos cun 36% da superficie. A suma da superficie agraria, matogueira e artificial, representa un 60% da superficie total do concello.
- **Mañón:** A superficie forestal representa o 63% da superficie total do concello. A demais superficie dos concellos está ocupada de maneira equitativa entre matogueiras e superficie agraria, sumando o 33% do total.
- **Miño:** O maior número de hectáreas do concello está ocupada por superficie forestal cun 50% da ocupación, que xunto coa superficie agraria, representan o 91% da superficie total do concello. O resto da superficie atópase ocupado na maior parte por superficie artificial e superficie húmida.
- **Moeche:** O 98% da superficie do concello está ocupada por superficie forestal e agraria, representando a superficie forestal un 60% dese porcentaxe. Os demais tipos de superficie presentan un porcentaxe nulo ou pouco significativo.
- **Monfero:** Os tres tipos de superficie que representan un maior porcentaxe da superficie do concello, son por orde, a superficie forestal (58,74%), superficie agrícola (21%) e superficie matogueira (17%).
- **Mugardos:** A superficie agraria representa a maior parte da superficie do concello cun total do 59,82%, seguida da superficie forestal cun 32%. A superficie artificial solo conta co 7,83% das hectáreas totais do concello.
- **Narón:** A maior parte da superficie do concello está ocupado por uso agrícola e forestal, representando o 80% da superficie total. En canto a superficie artificial, representa un 13,24 % da superficie.
- **Neda:** A superficie forestal representa máis do 50% da superficie total do concello, seguida da superficie agrícola cunha porcentaxe do 27%. Por outro lado, a suma da superficie de matogueira e superficie artificial representa un 16% do total.
- **Ortigueira:** Os tres tipos de superficie que representan un maior porcentaxe da superficie do concello, son por orde, a superficie forestal (67,29%), superficie agrícola (21%) e superficie matogueira (10%).
- **Pontedeume:** A suma da superficie forestal e agrícola no concello, representa o 93% do total. O resto da superficie repártese, por este orde, entre a superficie artificial, a superficie de auga e a superficie a matogueira.
- **Pontes de García Rodríguez (As):** Neste concello destaca a superficie forestal cun 58% da superficie total. Tamén existe un gran número de hectáreas de superficie de matogueira que representan o 23,44% do total.
- **San Sadurniño:** A superficie maioritaria do concello está ocupada por bosques con case un 65% do total. Destaca a perda de superficie de SAU que se traduciu nun incremento da superficie de solo antrópico e das zonas sen vexetación, dobrando o seu número de hectáreas.
- **Somozas (As):** A superficie dos bosques no concello mantívose durante o período de análise, sendo o uso cun maior número de hectáreas (58% da superficie). Destaca o


Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

aumento de superficie das zonas sen vexetación e de uso antrópico, que se traduce na perda de matogueira e SAU.

- **Valdoviño:** Os bosques seguen a ocupar a maior parte da superficie do concello maila perder superficie no período analizado. Tanto as zonas sen vexetación como a SAU, viron minguar o número de hectáreas, o que traduciu nun aumento de superficie de matogueira e solo antrópico.

- **Vilarmaior:** Neste concello os bosques ocupan a maior parte da superficie, con un 64 % das hectáreas totais. Destaca o incremento de superficie a matogueira triplicando o número de hectáreas, mentres que se deu unha perda de hectáreas ocupadas por solo antrópico e SAU.

Imaxe 4. Mapa Superficies por concellos segundo o MFE de máxima actualidade (2020)



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

E.1.1.3. Análise do SIXPAC

O Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC) é unha aplicación do Goberno de España (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación). Este sistema permite a identificación xeográfica das parcelas declaradas por agricultores e gandeiros, en calquera réxime de axudas relacionadas coa superficie cultivada ou aproveitada polo gando.

Na actualidade conta cunha gran cantidade de información referente ó solo e de gran utilidade para o seu estudo.

Na seguinte análise dos principais usos do solo se terá en conta o SIXPAC de 2016 e de 2022, facendo unha comparación entre estes, tanto a nivel GDR coma por concello.

Táboa 9. Superficies segundo o SIXPAC de 2016 e de 2022

Uso	SIXPAC 2016		SIXPAC 2022		Variación SIXPAC 2016-2022	
	Sup (ha)	% Sup total	Sup (ha)	% Sup total	Sup (ha)	%
Matogueira	33.172,87	20,50%	31.004,59	19,16%	-2.168,28	-6,54%
Superficie agrícola	32.000,28	19,78%	30.485,20	18,84%	-1.515,09	-4,73%
Superficie artificial*	12.047,03	7,45%	12.424,91	7,68%	377,88	3,14%
Superficie de auga	3.125,78	1,93%	4.325,24	2,67%	1.199,46	38,37%
Superficie forestal	76.786,70	47,46%	76.864,12	47,50%	77,42	0,10%
Superficie improdutiva**	4.674,21	2,89%	6.702,80	4,14%	2.028,59	43,40%
TOTAL	161.806,86		161.806,86			

*Superficie artificial: vías, edificacións, zonas urbanas.

**Superficie improdutiva: sen produción agrícola, coma afloramentos rochosos, dunas, canteiras, etc., e parques urbanos, campos de golf e similares.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

O uso do solo predominante do GDR 24 segue sendo a superficie forestal, manténdose constante no período 2016-2022. Por outra banda, a superficie agrícola ten un leve decrecemento de 2016 a 2021 de arredor do 5%. Tamén destacar a superficie a matogueira que ocupa un 20,5 % da superficie total.

En canto ó elevado crecemento da superficie improdutivo, débese a un cambio de criterio de catalogación da superficie referente ás fincas lindeiras ás vivendas, catalogadas no 2016 como superficie a

matogueira, os buxos perimétricos e a zona verde coma superficie de pasto. Esta superficie foi catalogada no SIXPAC de 2022 coma superficie improdutivo.

Practicamente todos os concellos seguen a liña en canto á distribución de superficies comentada para a totalidade do GDR, agás o concello de Ares e Mugar dos onde predomina a superficie agrícola. Concellos coma Fene, Miño, Moeche ou Valdoviño, teñen valores moi próximos.

Táboa 10. Superficies segundo o SIXPAC de 2016 e de 2022 por concello (ver E.5. Anexos)

A totalidade dos concellos sufriu algún tipo de variación de superficie entre os períodos analizados (2016 – 2022). A superficie de matogueira sufriu unha variación negativa na totalidade dos concellos, sendo a máis acusada no concello de Cedeira (-27,57%).


Para a superficie improdutivo, a totalidade dos concellos gañaron superficie deste tipo, sendo os concellos de Narón e Vilarmaior os que maior variación en positivo deste tipo de superficie tiveron, con un 317,94% e 299,23% respectivamente. O resto de superficies non

seguen unha tendencia clara para os diferentes concellos; dependendo do concello as variacións foron positivas ou negativas.

Analizando os datos das táboas anteriores para o ano 2022, vese que o uso da superficie dos diferentes concellos é, en xeral, a mesma. O uso con maior superficie segue a ser a superficie forestal, agás no concello de Ares, onde o uso da superficie agrícola é superior ó uso de superficie forestal. O uso cunha menor superficie para a maioría dos concellos é a superficie de auga.


Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Imaxe 5. Mapa Superficies segundo o SIXPAC de 2022



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Gráfico 1. Porcentaxe da superficie forestal, agrícola e de matogueira de cada concello do GDR – 24 (SIXPAC 2022)



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

E.1.1.4. Comparativa das diferentes análises

Unha vez comentados os tres estudos realizados en base a diferentes fontes de información pódese observar unha baixa correlación en canto a superficies totais dos concellos, debido á inexistencia dun límite claro destes. Por outra banda, tamén se ve unha gran discordancia en canto a valores superficiais de cada tipoloxía de solo debido ó emprego de diferentes criterios á hora da súa distinción.

Atendendo á clara diferenza en certos aspectos, o que si se observa en todos os estudos é un predominio claro da superficie forestal, seguida da superficie agrícola, a cal adoita contar coa metade do valor da superficie forestal.

Atendendo á clara diferenza en certos aspectos, o que si se observa en todos os estudos é a presenza do único concello onde destaca a superficie agrícola sobre a forestal, Ares, sen deixar de destacar outros como Mugardos, que tamén supera no SIOSE e MFE á superficie forestal, ou Narón, que tan só supera no caso da MFE. No resto de concellos predomina a superficie forestal sobre a agrícola, mesmo a superficie de matogueira en moitos casos supera a agrícola.

Para ter unha comparativa neste punto cos dous sistemas anteriores, o SIOSE 2015, SIOSE 2017 e MFE 2020 se expoñen as superficies de Matogueira, superficie Agrícola e Forestal destes modelos xunto á do SIXPAC 2022:

Táboa 11. Comparativa de superficies SIOSE 2005, SIOSE 2017, MFE 2020 e SIXPAC 2022

	SIOSE 2005		SIOSE 2017		MFE 2020		SIXPAC 2022	
	Superficie (ha)	% Superficie total	Superficie (ha)	% Superficie total	Superficie (ha)	% Superficie total	Superficie (ha)	% Superficie total
Matogueira	26.250,02	16,23%	25281,84	15,56%	20286,51	12,56%	31.004,59	19,16%
Superficie agrícola	40.347,39	24,95%	35942,88	22,13%	38940,8	24,10%	30.485,20	18,84%
Superficie forestal	79.092,01	48,91%	82956,55	51,06%	91630,34	56,71%	76.864,12	47,50%

Pode observarse unha tendencia á baixa na superficie agrícola nas comparativas do SIOSE e SIXPAC nos diferentes anos, aínda que o MFE a cuantifique con maior porcentaxe respecto do total que no SIOSE e SIXPAC.

Tamén se observa, un lixeiro incremento da superficie forestal nos anos comparados no SIOSE e MFE, sen embargo, no SIXPAC obsérvase un descenso desta superficie no ano 2022 .

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

O dato da matogueira é un pouco máis difícil de comparar nos modelos e anos, pois entre os SIOSE vese un pequeno aumento e, sen embargo no SIXPAC reduciuse entre 2016 e 2022.

Hai unha tendencia, sen excepción entre os concellos, a baixar a súa SAU, salvo que nos guemos polos datos SIXPAC 2016-2022, que amosan unha mínima subida de superficie en As Pontes, Cedeira, Mañón, Moeche, Monfero, Mugardos e Ortigueira, sendo estes os concellos con maior SAU media.

E.1.2. Xestión agrogandeira e forestal do territorio

Nas últimas décadas as explotacións gandeiras experimentaron un acelerado proceso de reestruturación, caracterizado pola crecente especialización e o abandono simultáneo da maioría das unidades de pequenas dimensións. Sendo esta evolución resultado do efecto combinado dos factores internos ás propias unidades produtivas, ligados á súa situación económica e familiar, e dos derivados do entorno económico e institucional como a supresión das cotas lácteas.

Do mesmo xeito, comezouse a apostar polo aproveitamento forestal de especies de crecemento rápido (*Pinus spp.* e principalmente *Eucalyptus spp.*) que nutrisen a incipiente industria da celulosa e dos conglomerados de madeira.

Os concellos de As Pontes, Monfero e Ortigueira son os que teñen maior superficie forestal do territorio abarcado polo GDR-24 pero tampouco non conseguiron converter toda a superficie agrícola perdida en superficie forestal, se ben aumentaron lixeiramente esa superficie.

Isto amosa un probable abandono da actividade agraria e de uso das parcelas como uso agrícola.

Estes procesos foron acompañados, non só de cambios nas estruturas das explotacións gandeiras, ou no manexo do gando, ou do cambio do mosaico forestal, senón nunha serie de profundas reformas nos sistemas de xestión do solo.

Nas seguintes epígrafes expónse a análise realizada sobre os últimos datos dispoñibles obtidos de diversas fontes: Censo Agrario 2020, Mapa Forestal de España e SIOSE coa fin de caracterizar as principais orientacións produtivas da Superficie Agrícola Utilizada e da Superficie Forestal, a escala do GDR 24 e tamén de cada un dos concellos que o compoñen.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

E.1.2.2. Análise da orientación produtiva da SAU

O Censo Agrario de 2020 supón a base de datos máis recente de información sobre a SAU. A cifra total desta é menor que a que nos

dá o SIOSE, o SIXPAC ou o MFE, o que indica unha **tendencia á redución** deste conxunto de terras.

Táboa 12. Clasificación por usos do solo que forman a SAU

Clases	Número de explotacións	Superficie (ha)	%	Tamaño Medio (ha)
Cultivos en invernadoiro /Cultivo alto accesible	112	20,00	0,08%	0,179
Cultivos leñosos	488	241,00	0,91%	0,494
Hortas para consumo propio	1.119	34,00	0,13%	0,030
Pastos permanentes	2.848	22.217,00	84,14%	7,801
Terras labradas	1.609	3.894,00	14,75%	2,420
Total	6.176	26.406,00		

*Cultivos leñosos: Cítricos e outras froiteiras, viñedo e oliveira

O uso do solo do maior número de explotacións do territorio GDR-24, está dedicado ós pastos permanentes, sendo estas ó mesmo tempo, as que ocupan un maior número de superficie no territorio (84,14%), e as que teñen un tamaño medio maior (7.801 ha).

No caso contrario, atopamos os cultivos de invernadoiro, onde o número de explotacións e a superficie dedicada a esta ocupación do

terreo (0,08%), é a menor do GDR. Este tipo de cultivos, malia ser os que contan cun número menor de explotacións, non son os que teñen un menor tamaño medio. O menor tamaño medio de explotación atopámolo nas hortas para consumo propio que só teñen un tamaño medio de 0,030 ha.

Facendo a mesma división por concellos obtense a seguinte táboa.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Táboa 13. Clasificación por concellos dos usos do solo que forman a SAU

Municipio	Tipoloxía de explotación*						Superficie (Ha)						Tamaño medio (ha)
	Total explotacións	Terras labradas	Cultivos leñosos	Pastos permanentes	Hortas consumo propio	Cultivos en invernadoiro /Cultivo alto accesible	Total	Terras labradas	Cultivos leñosos	Pastos permanentes	Hortas consumo propio	Cultivos en invernadoiro /Cultivo alto accesible	
A Capela	107	68	13	100	31	7	3.079	230	5	2.842	1	1	28,78
Ares	8	7	6	6	6	3	51	19	2	29	0	1	6,38
As Pontes	216	145	8	311	71	6	2.670	163	2	2.502	2	1	12,36
As Somozas	103	73	23	245	35	3	1.455	103	8	1.343	1	0	14,13
Cabanas	28	47	11	68	15	2	273	33	7	233	0	0	9,75
Cariño	28	7	11	25	1	0	377	3	15	359	0	0	13,46
Cedeira	121	113	27	182	79	3	2.524	100	5	2.413	3	3	20,86
Cerdido	50	85	4	100	19	3	983	85	69	828	0	1	19,66
Fene	25	12	7	23	4	2	94	16	3	73	0	2	3,76
Ferrol	61	25	2	56	11	6	401	180	1	219	0	1	6,57
Mañón	78	53	11	74	26	1	1.166	43	6	1.116	1	0	14,95
Miño	32	45	24	25	28	7	424	232	4	187	0	1	13,25
Moeche	88	43	12	106	28	1	1.214	272	6	935	1	0	13,80
Monfero	227	280	48	345	229	8	3.548	793	7	2.739	8	1	15,63
Mugardos	9	2	1	7	1	4	107	61	0	46	0	0	11,89
Narón	129	99	116	237	33	21	925	282	20	618	1	4	7,17
Neda	33	10	6	27	7	5	90	16	1	72	0	1	2,73
Ortigueira	224	163	62	272	157	2	3.515	260	43	3.206	6	0	15,69
Pontedeume	27	36	8	33	19	5	176	69	7	98	1	1	6,52
San Sadurniño	165	117	49	358	212	6	1.870	553	15	1.295	6	1	11,33
Valdoviño	122	102	10	164	49	12	1.038	248	7	781	1	1	8,51
Vilarmador	59	77	29	84	58	5	426	133	8	283	2	0	7,22

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Municipio	Tipoloxía de explotación*						Superficie (Ha)						
	Total explotacións	Terras labradas	Cultivos leñosos	Pastos permanentes	Hortas consumo propio	Cultivos en invernadoiro /Cultivo alto accesible	Total	Terras labradas	Cultivos leñosos	Pastos permanentes	Hortas consumo propio	Cultivos en invernadoiro /Cultivo alto accesible	Tamaño medio (ha)
TOTAL	1.940	1.609	488	2.848	1.119	112	26.406	3.894	241	22.217	34	20	
PROMEDIO	88,18	73,14	22,18	129,45	50,86	5,09	1.200,27	177,00	10,95	1.009,86	1,55	0,91	12,02

**Existen explotacións con varias tipoloxías de explotación*

A ocupación no agro continúa o prolongado descenso dos últimos anos e actualmente os ocupados neste sector xa son inferiores ao 4 %, por debaixo dos niveis de ocupación de A Coruña e Galicia, tal e como se desprende do apartado B “Análise Demográfica”.

O pequeno tamaño das explotacións que caracteriza ao conxunto de Galicia, maniféstase tamén no territorio, aínda sendo a media (11,32 ha por explotación) escasamente superior á galega (11,27h a). Se ben non é así no caso da superficie agraria útil por explotación, onde a media autonómica 7,98 ha supera a do territorio (6,50

ha/explotación). A superficie agraria útil apenas descendeu, tendo en conta o forte descenso da superficie total, algúns concellos incluso incrementárona lixeiramente (As Pontes, Cariño ou Cedeira).

É destacable a redución do número de explotacións, case un 25% das explotacións de bovinos no período 2014-2020 segundo o IGE, así como a superficie total, que case queda na metade da que tiñamos no ano 2009. Sen embargo, a SAU é practicamente a mesma.

E.1.2.3. Análise da superficie forestal

A información sobre a composición da masa forestal para o ámbito do GDR-24 atopámola no SIOSE 2014. Na seguinte táboa, preséntanse os datos correspondentes a cada concello de Bosque mixto, Bosque de coníferas e Bosque de Frondosas.

Á vista dos datos, obsérvase que na metade dos concellos analizados existe unha superioridade das masas mixtas (mestura entre coníferas e frondosas), sendo a presenza de coníferas

bastante menor en tódolos concellos. Aqueles con maior número de hectáreas de frondosa son Ortigueira, As Pontes de García Rodríguez e Monfero, representando esta categoría o groso da superficie arborada. Do mesmo xeito, destaca pola baixa presenza de superficie arborada dos concellos de Ares, Mugardos e Fene.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Táboa 14. Masas arbóreas por concellos SIOSE 2014

CONCELLOS	Bosque coníferas		Bosque frondosas		Bosques mixtos		Total Bosques	
	Superficie (ha)	Porcentaxe %	Superficie (ha)	Porcentaxe %	Superficie (ha)	Porcentaxe %	Superficie (ha)	Porcentaxe %
ARES	0,00	0,00%	395,01	80,84%	93,64	19,16%	488,65	0,60%
CABANAS	11,52	0,67%	494,33	28,64%	1.220,09	70,69%	1.725,94	2,14%
CAPELA (A)	358,91	14,84%	810,38	33,50%	1.249,49	51,66%	2.418,77	2,99%
CARIÑO	558,44	24,92%	1.632,69	72,87%	49,51	2,21%	2.240,64	2,77%
CEDEIRA	770,05	23,35%	1.521,52	46,14%	1.005,98	30,51%	3.297,55	4,08%
CERDIDO	0,00	0,00%	2.119,05	50,94%	2.040,56	49,06%	4.159,61	5,15%
FENE	102,80	8,49%	170,04	14,04%	938,35	77,47%	1.211,19	1,50%
FERROL	89,20	3,47%	1.452,18	56,43%	1.032,11	40,11%	2.573,49	3,18%
MAÑÓN	354,07	7,96%	3.277,09	73,70%	815,51	18,34%	4.446,67	5,50%
MIÑO	141,34	8,98%	132,71	8,43%	1.300,49	82,60%	1.574,54	1,95%
MOECHE	15,36	0,54%	1.757,37	61,87%	1.067,56	37,59%	2.840,29	3,51%
MONFERO	709,73	7,99%	4.105,11	46,22%	4.067,40	45,79%	8.882,24	10,99%
MUGARDOS	0,00	0,00%	238,00	67,94%	112,30	32,06%	350,30	0,43%
NARÓN	3,09	0,13%	767,17	31,05%	1.700,32	68,82%	2.470,58	3,06%
NEDA	138,53	11,34%	141,18	11,55%	942,38	77,11%	1.222,09	1,51%
ORTIGUEIRA	636,58	4,99%	7.840,66	61,48%	4.276,12	33,53%	12.753,36	15,78%
PONTEDEUME	129,57	8,57%	304,46	20,14%	1.077,53	71,29%	1.511,56	1,87%
PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (AS)	2.166,64	21,07%	6.033,56	58,69%	2.080,71	20,24%	10.280,91	12,72%
SAN SADURNIÑO	176,75	2,99%	2.622,91	44,41%	3.106,29	52,60%	5.905,95	7,31%
SOMOZAS (AS)	228,19	5,84%	2.271,64	58,17%	1.405,22	35,98%	3.905,05	4,83%
VALDOVIÑO	2,94	0,06%	1.294,84	28,20%	3.293,20	71,73%	4.590,98	5,68%
VILARMAIOR	150,41	7,66%	235,57	12,00%	1.577,88	80,35%	1.963,87	2,43%


Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

CONCELLOS	Bosque coníferas	Porcentaxe	Bosque frondosas	Porcentaxe	Bosques mixtos	Porcentaxe	Total Bosques	Porcentaxe
	Superficie (ha)	%	Superficie (ha)	%	Superficie (ha)	%	Superficie (ha)	%
TOTAL	6.744,11		39.617,48		34.452,64		80.814,23	

Falando a nivel concellos, en ningún predominan os bosques de coníferas. Por outro lado, os concellos de Ares, Cariño, Cedeira, Cerdido, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Mugardos, Ortigueira, As Pontes de García Rodríguez e As Somozas, teñen unha maior

superficie de bosques de frondosas; mentres que os concellos de A Capela, Cabanas, Fene, Miño, Narón, Neda, Pontedeume, San Sadurniño, Valdoviño e Vilarmador teñen unha maior superficie de bosques mixtos.

Gráfico 2. Superficie de frondosas: caducifolias e perennifolias



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Mediante a descomposición anterior das frondosas entre caducifolias (carballos, freixos, amieiros, bidueiros, nogueiras, castiñeiros...) e perennifolias (aciñeiras, sobreiras, loureiros,

eucaliptos...) obsérvase no gráfico superior que estas últimas teñen unha maior presenza, en xeral, salvo nos concellos de Mugar dos e As Pontes, onde predominan as caducifolias.

E.1.2.4. Análise estrutural das explotacións agrarias como xestoras do territorio

Neste apartado analízanse as explotacións agrarias do GDR, cun tamaño medio de 88,18 ha, dende diferentes aspectos, como a superficie que declaran estas na PAC, o cal permite identificar cando menos a superficie que ten un uso demostrable, así como o tamaño das explotacións segundo teñen ou non gando, e o número delas. Tamén se analiza súa orientación técnico-económica e o tamaño económico para dar idea da súa aportación ao conxunto da economía nos concellos.

Por último, realízase unha análise a nivel forestal do volume de aproveitamento madeireiro por concello. Este sector conta con menos datos públicos, contando tan só con datos de aqueles xestionados privadamente e non así cos de xestión pública, que axudarían a definir unha imaxe do estado de gobernanza.

A continuación amósase a superficie vinculada ás solicitudes de axudas PAC na anualidade 2022, información aportada polo SIXPAC.

Táboa 15. Superficie declarada na PAC 2022


Concello	Superficie (ha)
Ares	62,80
As Pontes	2.274,80
As Somozas	1.132,53
Cabanas	142,70
Capela	1.927,29
Cariño	70,53
Cedeira	1.137,51
Cerdido	472,75
Fene	72,88
Ferrol	266,00
Mañón	836,84
Miño	168,42
Moeche	930,93
Monfero	2.922,85

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Concello	Superficie (ha)
Mugardos	53,96
Narón	454,22
Neda	105,72
Ortigueira	2.450,18
Pontedeume	147,32
San Sadurniño	1.315,38
Valdoviño	667,96
Vilarmador	251,42
TOTAL	17.864,99

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Imaxe 6. Superficie declarada na PAC 2022



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Realizouse unha análise das parroquias e superficie de produtos declarados na PAC, que se amosan na seguinte táboa.

Táboa 16. Superficie declarada na PAC 2022, por parroquias (ver E.5. Anexos)

Para ter unha visión xeral da importancia dos diferentes produtos declarados, dun total das 19.200,78 ha de superficie, amósanse a continuación os produtos que superan as 10 ha en conxunto do GDR. Como pode verse, son os cultivos relacionados co pasto para os animais os que son maioría, ademais doutros destinados aos animais (chícharos, raygras, alfalfa...).

Destacan os cereais, con dobre uso (alimentación animal e humana) e o arando, con preto de 100 ha, distribuídos unicamente entre as parroquias de A Barqueira (Santo Antonio), en Cerdido, con 55,40 ha e Labacengos (Santa María), en Moeche, con 40,79 ha.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Táboa 17. Superficie declarada na PAC 2022, por cultivos (superiores a 10 ha)

Produtos declarados na PAC	Superficie (ha)
Alfalfa	10,95
Arando	96,19
Cebada	13,61
Chícharo De Raposo	13,42
Chícharos	109,86
Colza	11,48
Cultivos Mixtos De Especies Pratenses	17,78
Horta	15,28
Maceiras	13,37
Mestura Veza - Avea	25,76
Mestura Veza-Raygrass	14,42
Millo	543,05
Nabo	41,28
Pasteiro de 5 ou Máis Anos	13.458,15
Pasto Arbustivo de 5 ou Máis Anos	2.134,82
Pasto con Arborado de 5 ou Máis Anos	325,56
Pastos de Menos de 5 Anos	1.848,24
Pataca	16,65
Raygras Anual (Lolium Multiflorum Lam. And Hybrids)	359,68
Raygras Perenne	20,61
Trigo Brando	45,77

Para unha mellor visión de como se estruturan as explotacións e a superficie que están a empregar na súa actividade obtivéronse os datos da seguinte táboa.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Táboa 18. Tamaño medio das explotacións e carga gandeira (Censo Agrario 2020)

Concello	Explotacións agrícolas gandeiras e agro - gandeiras	Explotacións con gando	Suma de SAU (ha)	Suma de UGT	SAU media explotación (ha)	UGT media explotación con gando
Ares	8	3	17,59	4,85	2,20	1,62
Cabanas	28	15	182,46	193,80	6,52	12,92
Capela, A	107	74	3.078,90	1.929,70	28,77	26,08
Cariño	28	18	370,90	215,00	13,25	11,94
Cedeira	121	101	2.403,62	2.066,27	19,86	20,46
Cerdido	50	43	892,28	428,21	17,85	9,96
Fene	25	16	78,61	55,17	3,14	3,45
Ferrol	61	46	392,48	366,00	6,43	7,96
Mañón	78	60	1.124,35	960,49	14,41	16,01
Miño	32	13	405,23	369,60	12,66	28,43
Moeche	88	74	1.166,98	1.446,02	13,26	19,54
Monfero	227	202	3.223,49	6.046,91	14,20	29,94
Mugardos	9	6	105,26	166,70	11,70	27,78
Narón	129	95	787,18	1.345,97	6,10	14,17
Neda	33	24	88,18	165,80	2,67	6,91
Ortigueira	224	166	3.283,28	3.077,83	14,66	18,54
Pontedeume	27	12	141,97	191,00	5,26	15,92
Pontes de García Rodríguez, (As)	216	184	2.625,61	2.217,68	12,16	12,05
San Sadurniño	165	138	1.727,01	2.346,74	10,47	17,01
Somozas, As	103	78	1.289,88	1.330,46	12,52	17,06
Valdoviño	122	90	882,77	1.201,77	7,24	13,35
Vilarmaior	59	40	350,16	419,48	5,93	10,49
PROMEDIO	88,18	68,09	1.119,01	1.206,61	10,97	15,53

*UGT: Unidades Gandeiras Totais

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Táboa 19. Orientación Técnico-Económica (OTE) no ámbito do GDR (Censo Agrario 2020)

Orientación	Nº de explotacións	SAU (ha)	PET (€)
Agricultura xeral	64	404,52	450.196,63
Cultivos forestais	6	18,73	432.742,33
Cultivos froiteiros	80	193,38	4.157.054,44
Cultivos vinícolas	7	2,92	4.849,34
Gandería herbívora	1327	20.203,97	32.685.300,06
Gandería porcina	4	1,49	1.081.525,39
Granívoros	18	316,23	4.063.926,01
Horticultura	120	266,45	2.375.700,19
Outros	50	223,27	983.589,50
Policultivos	264	2.987,23	2.120.324,29
Total xeral	1.940	24.618,19	48.355.208,18

* PET (Producción estándar total da explotación)

A maior produción no ámbito do GDR, ven xerada polas ganderías herbívoras. O territorio conta cun total de 1327 explotacións gandeiras herbívoras, que xeran un PET de 32.685.300,06 mil€ e dispoñen dunha SAU total de 20.203,97 hectáreas. No caso contrario, atopamos a produción vinícola, con un total de 7 explotacións que xeran un PET de 4.849,34 mil€ e dispoñen de 2,92 hectáreas de SAU.

Cabe mencionar o caso das explotacións de gandería porcina, que malia ser a actividade con un menor número de explotacións no territorio e menor número de SAU dispoñible, conseguen xerar un PET de 1.081.525,39 mil€. Nun caso semellante se atopan os cultivos forestais que teñen un baixo número de explotacións e xeran un PET de 432.742,33 mil€.


Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Táboa 20. Número de explotación por OTE e concello (Censo Agrario 2020)

Concello	Agricultura xeral	Cultivos forestais	Cultivos froiteiros	Cultivos vinícolas	Gandería herbívora	Gandería porcina	Granívoros	Horticultura	Outros	Policultivos	Total xeral
Ares	0	0	2	0	2	0	0	3	0	1	8
Cabanas	2	1	0	0	13	0	0	5	2	5	28
A Capela	8	2	1	0	68	0	0	7	2	19	107
Cariño	2	0	7	0	16	0	1	0	0	2	28
Cedeira	5	0	0	0	91	0	3	6	2	14	121
Cerdido	0	0	1	0	39	0	0	3	3	4	50
Fene	1	0	3	1	13	0	0	3	1	3	25
Ferrol	1	0	0	2	42	0	0	7	1	8	61
Mañón	4	0	5	0	55	0	0	2	0	12	78
Miño	5	0	0	1	11	0	0	3	5	7	32
Moeche	2	0	4	0	70	0	1	2	1	8	88
Monfero	4	0	0	0	176	1	3	8	1	34	227
Mugardos	0	0	0	0	6	0	0	2	0	1	9
Narón	3	1	4	0	75	2	4	22	5	13	129
Neda	1	0	1	0	23	0	0	4	0	4	33
Ortigueira	5	0	31	0	153	0	0	4	5	26	224
Pontedeume	4	0	3	0	8	0	0	6	2	4	27
As Pontes	2	0	0	0	169	0	1	6	5	33	216
San Sadurniño	3	1	5	0	126	0	1	8	3	18	165
As Somozas	3	1	5	2	73	0	0	2	2	15	103
Valdoviño	7	0	5	0	69	1	4	14	6	16	122
Vilarmador	2	0	3	1	29	0	0	3	4	17	59
Total xeral	64	6	80	7	1.327	4	18	120	50	264	1.940

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Imaxe 7. Número de explotacións (Censo Agrario 2020)



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

A continuación, amósase o resultado da análise, por parroquia, do número de explotacións prioritarias e do tamaño medio das mesmas, en hectáreas.

Unha explotación agrícola ou gandeira pode clasificarse como prioritaria e diferenciarse das non prioritarias se cumpren cos requisitos dos artigos 4,5, e 6 da Lei 19/1995 de Modernización das Explotacións Agrarias, situación que posibilita a obtención preferente de beneficios, axudas, medidas de fomento, etc. Tal cualificación esixe a ocupación, polo menos, dunha unidade de traballo agrario

(UTA) e que a súa renda unitaria do traballo sexa igual ou superior ao 35% da renda de referencia e inferior ao 120%.

Estas explotacións prioritarias poden ser de persoa física ou entidade asociativa (non se dispón desa información).

Non se analizan as explotacións no prioritarias por parroquias, pois non se dispoñen dos datos.

Táboa 21. Explotacións prioritarias e explotacións totais (Censo Agrario 2020)

Concello	Nº Explotacións prioritarias	Nº Explotacións totais	% Prioritarias / total
Ares	0	8	0%
Cabanas	3	28	11%
Capela, A	40	107	37%
Cariño	1	28	4%
Cedeira	17	121	14%
Cerdido	9	50	18%
Fene	0	25	0%
Ferrol	2	61	3%
Mañón	20	78	26%
Miño	4	32	13%
Moeche	13	88	15%
Monfero	111	227	49%
Mugardos	1	9	11%
Narón	10	129	8%

Concello	Nº Explotacións prioritarias	Nº Explotacións totais	% Prioritarias / total
Neda	1	33	3%
Ortigueira	42	224	19%
Pontedeume	2	27	7%
Pontes de García Rodríguez, As	32	216	15%
San Sadurniño	26	165	16%
Somozas, As	11	103	11%
Valdoviño	11	122	9%
Vilarmador	13	59	22%
Total	369	1.940	14% (promedio)

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Táboa 22. Densidade de explotacións prioritarias, por parroquia (Censo Agrario 2020)

Concello	Nº Explotacións prioritarias	Explotacións/km ²
Ares	0	0
Cabanas	3	0,004877
Capela, A	40	0,021534
Cariño	1	0,000731
Cedeira	17	0,013349
Cerdido	9	0,00493
Fene	0	0
Ferrol	2	0,009732
Mañón	20	0,007256
Miño	4	0,011596
Moeche	13	0,013107
Monfero	111	0,045555
Mugardos	1	0,003378
Narón	10	0,010205
Neda	1	0,001591
Ortigueira	42	0,039322
Pontedeume	2	0,004758
Pontes de García Rodríguez, As	32	0,020893
San Sadurniño	26	0,019368
Somozas, As	11	0,006005
Valdoviño	11	0,009768
Vilarmador	13	0,023764

Son os concellos de Monfero, A Capela e Mañón, de maior a menor, con máis porcentaxe de explotacións prioritarias sobre o total, e todas elas por enriba do 25%.

A maior densidade de explotacións prioritarias por quilómetro cadrado dase, de maior a menor, en Monfero, Ortigueira, Vilarmador, A Capela ou As Pontes.

Tal e como pode observarse, nin Ares nin Fene dispoñen de explotacións prioritarias. Destaca Monfero, con 111, seguido a distancia por Ortigueira, A Capela ou As Pontes.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Táboa 23. Tamaño medio das explotacións prioritarias, por parroquia (Censo Agrario 2020)

Parroquias	Superficie media (ha)
Ares	-
Ares (San Xosé)	-
Caamouco (San Vicente)	-
Cervás (San Pedro)	-
Cabanas	
Cabanas (Santo André)	-
Íris (Santo Estevo)	-
Laraxe (San Mamede)	4,25
Regoela (San Vicente)	-
San Martiño de Porto (San Martiño)	-
Santa Cruz do Salto (Santa Cruz)	13,81
Soaserra (Santa Olaia)	12,68
Capela, A	
Caaveiro (San Boulo)	15,55
Cabalar (Santa María)	19,40
Capela (Santiago)	28,61
Cariño	
A Pedra (Santa María)	-
Cariño (San Bartolomeu)	-
Feás (San Pedro)	-
Landoi (Santiago)	17,61
Sismundi (Santo Estevo)	-
Cedeira	
Cedeira (Santa María do Mar)	27,80
Cervo (Santalla)	12,00
Esteiro (San Fiz)	18,69
Montoxo (San Xiao)	14,50
Piñeiro (San Cosme)	-
Régoa (Santa María)	17,15

Parroquias	Superficie media (ha)
San Román de Montoxo (San Román)	2,90
Cerdido	
A Barqueira (Santo Antonio)	23,02
Cerdido (San Martiño)	5,44
Os Casás (San Xoán)	13,59
Fene	-
Barallobre (Santiago)	-
Fene (San Salvador)	-
Limodre (Santa Eulalia)	-
Magalofes (San Xurxo)	-
Maniños (San Salvador)	-
Perlío (Santo Estevo)	-
San Valentín (San Valentín)	-
Sillobre (Santa Mariña)	-
Ferrol	
A Cabana (Santo Antonio)	-
A Graña (Santa Rosa de Viterbo)	-
Brión (Santa María)	-
Covas (San Martiño)	10,56
Doniños (San Román)	-
Esmelle (San Xoán)	-
Ferrol	
Leixa (San Pedro)	37,37
Mandiá (Santa Uxía)	-
Marmancón (San Pedro)	-
San Xurxo da Mariña (San Xurxo)	-
Santa Cecilia de Trasancos (Santa Cecilia)	-
Serantes (San Salvador)	-
Mañón	
As Grañas do Sor (San Mamede)	51,36
As Ribeiras do Sor (San Cristovo)	-
Bares (Santa María)	-

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Parroquias	Superficie media (ha)
Mañón (Santa María)	21,22
Mogor (Santa María)	-
Miño	
Bemantes (San Tomé)	-
Calobre (San Xoán)	-
Carantoña (San Xulián)	68,94
Castro (Santa María)	-
Leiro (San Salvador)	4,26
Miño (Santa María)	-
Moeche	
Abade (Santiago)	34,34
Labacengos (Santa María)	57,88
San Xoán de Moeche (San Xoán)	84,37
San Xurxo de Moeche (San Xurxo)	21,80
Santa Cruz de Moeche (Santa Cruz)	26,91
Monfero	
O Alto de Xestoso (Santa María)	17,15
O Val de Xestoso (San Pedro)	21,24
Queixeiro (San Xurxo)	15,31
San Fiz de Monfero (San Fiz)	16,33
Santa Xía de Monfero (Santa Xía)	24,36
Taboada (Santa Mariña)	13,61
Vilachá (Santa María)	18,67
Mugaridos	
Franza (Santiago)	-
Meá (San Vicente)	87,29
Mugaridos (San Xulián)	-
Piñeiro (San Xoán)	-
Narón	
Castro (Santa María)	-
Doso (San Lourenzo)	-
O Val (Santa María A Maior)	0,93

Parroquias	Superficie media (ha)
Pedroso (San Salvador)	-
San Xiao de Narón (San Xiao)	-
Sedes (Santo Estevo)	19,25
Trasancos (San Mateu)	18,00
Xubia (Nosa Señora dos Desamparados)	-
Xubia (San Martiño)	-
Xubia (San Xosé Obreiro)	-
Xubia (Santa Icia)	-
Xubia (Santa Rita)	-
Xubia (Santiago Apóstolo)	-
Neda	
Anca (San Pedro)	16,27
Neda (San Nicolás)	-
Santa María de Neda (Santa María)	-
Viladonelle (Santo André)	-
Ortigueira	
As Neves (Santa María)	56,00
Barbos (San Xulián)	24,71
Céltigos (San Xulián)	38,11
Couzadoiro (San Cristovo)	11,10
Cuíña (Santiago)	36,01
Devesos (San Sebastián)	21,73
Espasante (San Xoán)	26,88
Insua (San Xoán)	34,09
Ladrado (Santalla)	-
Loiba (San Xulián)	28,08
Luama (San Martiño)	-
Luía (Santa María)	-
Mera de Abaixo (Santiago)	11,79
Mera de Arriba (Santa María)	46,87
O Ermo (San Xulián)	19,89
O Mosteiro (San Xoán)	9,09

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Parroquias	Superficie media (ha)
Ortigueira (Santa Marta)	-
Os Freires (San Paulo)	-
San Claudio (Santa María)	26,72
San Salvador de Couzadoiro (San Salvador)	25,82
Senra (San Xulián)	31,59
Veiga (Santo Adrao)	5,01
Pontedeume	
Andrade (San Martiño)	32,15
Boebre (Santiago)	-
Breamo (San Miguel)	30,43
Centroña (Santa María)	-
Nogueirosa (San Cosme)	-
Ombre (Santa María)	-
Pontedeume (Santiago)	-
Vilar (San Pedro)	-
Pontes de García Rodríguez, As	
A Faeira (San Pedro)	15,12
As Pontes de García Rodríguez (Santa María)	39,44
Bermui (Santiago)	21,21
Espiñaredo (Santa María)	13,59
Goente (San Martiño)	6,51
O Aparral (Santa María)	18,48
O Deveso (Santa María)	-
O Freixo (San Xoán)	43,26
San Pedro de Eume (San Pedro)	15,91
Seoane (San Xoán)	-
Somede (San Mamede)	57,85
Vilavella (Santa María)	-
San Sadurniño	
Bardaos (Santa María)	65,04
Ferreira (San Paio)	5,41

Parroquias	Superficie media (ha)
Igrexafeita (Santa María)	1,14
Lamas (San Xiao)	23,81
Naraío (Santa María)	21,74
San Sadurniño (Santa María)	-
Santa Mariña do Monte (Santa Mariña)	32,43
Somozas, As	
As Enchousas (San Pedro)	117,20
As Somozas (Santiago Seré)	41,61
Recemel (Santa María)	15,53
Seixas (Santa María)	53,81
Valdoviño	
Lago (Santiago)	28,03
Loira (San Pedro)	11,84
Meirás (San Vicente)	17,78
O Sequeiro (Santa María)	-
Pantín (Santiago)	-
Valdoviño (Santalla)	39,49
Vilaboa (San Vicente)	-
Vilarrube (San Martiño)	-
Vilarmaior	
Doroña (Santa María)	15,04
Grandal (San Pedro)	9,98
Torres (San Xorxe)	13,28
Vilamateo (Santiago)	12,81
Vilarmaior (San Pedro)	14,04

Polo resultado que amosa a táboa anterior, pode observarse que, ademais da totalidade das parroquias de Ares e Fene, que non teñen ningunha explotación prioritaria, hai outros concellos, como Cabanas, Cariño, Ferrol, Mañón, Miño, Mugardos, Narón, Neda, e

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Pontedeume, que na súa maioría de parroquias non dispoñen de explotacións prioritarias.

Sen embargo, en A Capela, Moeche, Monfero, As Somozas e Vilamaior todas as súas parroquias contan con explotacións prioritarias. O resto de concellos non mencionados, como Cabanas, Cedeira, Ortigueira, As Pontes, San Sadurniño, teñen maioría de

parroquias con explotacións prioritarias. Valdoviño ten a metade das súas parroquias con explotacións prioritarias.

As parroquias con explotacións prioritarias de maior superficie media atópanse nas parroquias que se indican na seguinte táboa, todas elas con máis de 50 ha.

Táboa 24. Tamaño medio das explotacións prioritarias de máis de 50 ha, por parroquia (Censo Agrario 2020)

Concello	Parroquias	Superficie media (ha)
Somozas, As	As Enchousas (San Pedro)	117,20
Mugardos	Meá (San Vicente)	87,29
Moeche	San Xoán de Moeche (San Xoán)	84,37
Miño	Carantoña (San Xulián)	68,94
San Sadurniño	Bardaos (Santa María)	65,04
Moeche	Labacengos (Santa María)	57,88
Pontes de García Rodríguez, As	Somede (San Mamede)	57,85
Ortigueira	As Neves (Santa María)	56,00
Somozas, As	Seixas (Santa María)	53,81
Mañón	As Grañas do Sor (San Mamede)	51,36

Continuando cos datos das explotacións (prioritarias e non prioritarias, en conxunto), se analizou a produción estándar, en euros, por concellos.

Táboa 25. Produción estándar total de la explotación en miles de euros por OTE xerais (Censo Agrario 2020)

Tipo de explotación	Ares	Cabanas	A Capela	Cariño	Cedeira
Agricultura xeral	0,00	4.841,64	16.872,55	4.254,00	26.312,89
Cultivos forestais	0,00	70.912,92	160.743,72	0,00	0,00
Cultivos frutícolas	4.130,02	0,00	5.088,67	77.327,14	0,00
Cultivos vinícolas	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Tipo de explotación	Ares	Cabanas	A Capela	Cariño	Cedeira
Gandería herbívora	9.546,39	258.638,30	3.020.994,19	199.294,17	1.581.018,47
Gandería porcina	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Granívoros	0,00	0,00	0,00	91.800,00	1.154.207,72
Horticultura	52.172,09	74.952,10	76.157,26	0,00	108.969,46
Outros	0,00	3.226,37	608,36	0,00	13.290,30
Policultivos	3.924,67	19.692,24	229.265,55	4.652,52	169.910,57
Total xeral	69.773,17	432.263,57	3.509.730,30	377.327,83	3.053.709,41

Tipo de explotación	Miño	Moeche	Monfero	Mugardos	Narón
Agricultura xeral	69.314,27	12.041,28	12.326,77	0,00	34.210,09
Cultivos forestais	0,00	0,00	0,00	0,00	82.162,03
Cultivos froiteiros	0,00	10.669,94	0,00	0,00	7.919,27
Cultivos vinícolas	2.178,15	0,00	0,00	0,00	0,00
Gandería herbívora	717.830,18	2.290.073,13	7.970.357,37	335.209,76	783.243,33
Gandería porcina	0,00	0,00	382.555,70	0,00	684.311,47
Granívoros	0,00	4.400,96	1.730.513,75	0,00	183.862,99
Horticultura	60.811,05	49.293,89	277.956,99	18.063,88	706.704,19
Outros	202.504,27	57.823,77	71.340,21	0,00	80.207,59
Policultivos	142.080,68	8.559,86	417.350,05	3.440,35	126.381,03
Total xeral	1.194.718,60	2.432.862,83	10.862.400,84	356.713,99	2.689.001,99

Tipo de explotación	San Sadurniño	As Somozas	Valdoviño	Vilarmarior	Total xeral
Agricultura xeral	21.068,51	20.235,00	38.341,29	7.542,20	450.196,63
Cultivos forestais	33.738,28	85.185,38	0,00	0,00	432.742,33
Cultivos froiteiros	41.589,90	15.880,35	24.923,32	22.202,76	4.157.054,44
Cultivos vinícolas	0,00	1.305,92	0,00	178,08	4.849,34
Gandería herbívora	3.952.052,75	1.297.643,37	1.047.137,89	732.977,13	32.685.300,06




Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Tipo de explotación	San Sadurniño	As Somozas	Valdoviño	Vilarmaior	Total xeral
Gandería porcina	0,00	0,00	14.658,22	0,00	1.081.525,39
Granívoros	9.658,00	0,00	727.502,45	0,00	4.063.926,01
Horticultura	140.706,75	8.978,06	165.901,30	24.250,80	2.375.700,19
Outros	7.700,34	13.968,79	94.036,21	42.555,67	983.589,50
Policultivos	93.679,83	102.867,01	96.297,09	146.811,58	2.120.324,29
Total xeral	4.300.194,36	1.546.063,88	2.208.797,77	976.518,22	48.355.208,18

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Gráfico 3. Producción estándar total de la explotación en miles de euros por OTE xerais (Censo Agrario 2020)



O concello con maior número de explotacións é o de Monfero con un total de 227, onde 202 delas son de gando. Como consecuencia, este concello é o que presenta unha maior suma de SAU e UGT. Os seguintes en número de explotacións son Ortigueira e As Pontes. En todos eles, a gandería herbívora predomina por encima das demais actividades.

Sen embargo, o concello con unha media de SAU maior, é o de A Capela, que presenta unha media de 28,77 ha de SAU por explotación. Isto é debido a que malia ter un número de explotacións mais baixo, estas dispoñen dunha maior superficie para levar a cabo a súa actividade.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Os concellos con menor número de explotacións, e polo tanto menor actividade gandeira do territorio, son os concellos de Ares e Mugardos con só 8 e 9 explotacións respectivamente.

Se falamos do PET en miles de euros por OTE, destaca notoriamente o concello de Monfero con un PET de 10.862.400,84 mil€, que supón unha cuarta parte do PET que xera a totalidade do territorio. Case un 80% do PET deste concello é xerado por ganderías herbívoras.

Por outro lado, o concello que xera un menor PET con diferenza, é o concello de Ares, con un valor de 69.773,17 mil€. Neste concello, a actividade que xera un maior valor é a horticoltura que representa o 75% do valor total do PET do concello.

Na maioría dos casos, os datos certifican que os concellos máis interiores teñen un maior grado de actividade agrícola e gandeira,

tanto polas explotacións, as totais e prioritarias, a superficie de SAU (en porcentaxe), a superficie declarada para a PAC. Así, A Capela, As Pontes, As Somozas, Cerdido, Moeche, Monfero, San Sadurniño, e Vilarmador, xunto cos concellos costeiros, pero moi introducidos cara o interior, como Mañón e Ortigueira completarían a lista. Se ben se dan casos que estatisticamente se apartarían da media, como a pouca superficie SAU de Cerdido ou As Pontes, ou pouco máis As Somozas, pero esta ten mesmo unha porcentaxe menor de explotacións prioritarias que concellos costeiros, aínda que conte en todas as parroquias con elas, o cal pode facer crer que exceden os requisitos, ben por arriba ou por abaixo.

A falta de datos dificulta en grande medida a caracterización da intensidade produtiva para as explotacións forestais. Neste senso, só se pode dispoñer dos datos do aproveitamento madeireiro dos montes de xestión privada desagregados por concellos.

Táboa 26. Aproveitamentos madeireiros en montes de xestión privada por concellos. Consellería do Medio Rural 2022

Municipio	Volume Aproveitado (m ³)	%
Ares	8.734,14	0,62%
Cabanas	30.387,48	2,17%
A Capela	23.606,21	1,69%
Cariño	41.377,80	2,96%
Cedeira	91.362,46	6,53%
Cerdido	95.679,67	6,84%
Fene	31.565,77	2,26%
Ferrol	45.051,22	3,22%
Mañón	80.472,96	5,75%
Miño	24.011,68	1,72%
Moeche	58.567,30	4,19%
Monfero	102.728,41	7,34%

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Municipio	Volume Aproveitado (m ³)	%
Mugardos	9.119,26	0,65%
Narón	49.585,14	3,54%
Neda	22.375,59	1,60%
Ortigueira	241.000,45	17,22%
Pontedeume	20.413,05	1,46%
As Pontes de García Rodríguez	122.682,31	8,77%
San Sadurniño	107.296,84	7,67%
As Somozas	82.170,81	5,87%
Valdoviño	75.664,10	5,41%
Vilarmaior	35.442,13	2,53%
Total	1.399.294,77	

No reparto de usos da terra, destaca o escaso peso das superficies de cultivo e terras labradas. O territorio caracterízase pola súa orientación forestal. Si os datos do censo do 99 xa a deixan practicamente como principal uso da terra, a evolución dos últimos anos fan que hoxe en día, sen dúbida, sexa a principal ocupación da terra. Isto é debido a causas comúns ao medio rural galego (abandono, envellecemento, incentivos á plantación...) pero tamén á potencialidade, climática e edáfica, do territorio, especialmente dos concellos máis ao norte.

Os datos evidencian o crecemento das zonas forestais, mais do 67% do territorio é superficie forestal, por riba das medias provincial e galega. Destacando as porcentaxes de Cariño, Cedeira, Ortigueira e Cerdido, se ben as maiores superficies danse en Ortigueira, As Pontes e Monfero.

Analizando o volume de cortas de madeira actuais, tal e como se cita en artigos da Voz de Galicia, hai que destacar que a provincia de A Coruña sitúase á cabeza aglutinando un total de 3.901 millóns de metros cúbicos das cortas da comunidade no ano 2022. Comparando este dato co volume de aproveitamento total (m³) no GDR, pódese dicir que case a metade dos metros cúbicos da provincia, saíron desta comarca.

Como consecuencia do auxe na comarca, da industria da madeira, cada vez existen máis organización e propietarios de montes que buscan especializarse no sector e que se agrupan baixo o nome de diferentes asociacións e agrupacións, como a Asociación de Propietarios Forestais (PROMAS) ou a Asociación Forestal de Galicia (AFG).

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

E.2. Caracterización da aptitude agraria e do abandono

E.2.1. Caracterización da aptitude agraria dos solos

Co obxectivo de estimar a aptitude agraria para o territorio do GDR24, procédese á análise dos datos dispoñíbeis resultado da dixitalización en 2014 do Mapa de capacidades produtivas dos solos de Galicia (1984) de Díaz-Fierros e Gil Sotres. Este traballo baséase no esquema proposto pola FAO, a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO Framework for Land Evaluation, 1976), diferenciando unha serie de características e factores limitantes do terreo para o cultivo de tres cultivos de referencia millo, pastos e piñeiro (*Pinus pinaster*).

Xerouse así unha clasificación segundo a aptitude do terreo para o cultivo das especies anteriormente citadas. Esta clasificación divídese nas clases nomeadas a continuación:

- A1-Altamente apta
- A2-Moderadamente apta
- A3-Marxinalmente apta
- N1-Non apta actualmente
- N2-Non apta permanentemente.

Neste apartado entenderase como superficie con aptitude agraria, aquel terreo clasificado como A1, A2 e A3 para millo e pasteiros.

Por medio da seguinte táboa móstrase a superficie con aptitude agraria dos diferentes concellos que conforman o GDR24.



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Táboa 27. Aptitude agraria dos solos para os cultivos agrícolas de referencia


Municipio	Aptitude millo								Aptitude prado							
	A1		A2		A3		N1	N2	A1		A2		A3		N1	N2
	m ²	%	m ²	%	m ²	%	m ²	m ²	m ²	%	m ²	%	m ²	%	m ²	m ²
Ares	12.230.580	6	1.304.919	1	0	0	0	3.431.169	13.535.499	1	3.431.169	1	0	0	0	0
Cabanas	6.352.223	3	7.972.804	3	142.321	0	0	14.639.793	14.467.348	2	9.780.318	2	4.859.475	4	0	0
A Capela	8.338.595	4	6.469.435	3	4.762.075	3	0	38.135.449	19.570.105	2	14.916.855	4	10.082.657	7	0	13.135.937
Cariño	432.951	0	4.703.066	2	5.232.734	4	4.164.105	25.853.751	12.913.035	1	6.795.369	2	9.502.909	7	734.580	10.440.714
Cedeira	3.819.949	2	19.438.913	8	427.197	0	1.219.082	52.317.643	46.097.569	5	20.148.249	5	4.277.611	3	0	6.699.355
Cerdido	2.155.642	1	7.619.381	3	7.369.691	5	0	35.577.115	29.541.811	3	20.826.284	5	2.353.734	2	0	0
Fene	5.125.769	2	7.474.476	3	3.725.799	3	0	10.714.856	16.326.044	2	10.125.855	2	589.001	0	0	0
Ferrol	24.018.390	11	6.986.199	3	3.324.483	2	643.863	46.146.063	43.814.595	5	19.778.928	5	0	0	0	17.525.475
Mañón	0	0	5.708.855	2	20.768.234	14	0	55.342.352	41.393.293	5	26.969.014	7	8.923.770	7	0	4.533.364
Miño	5.254.762	2	12.197.486	5	3.835.916	3	0	10.854.510	32.142.094	4	580	0	0	0	0	0
Moeche	11.999.443	6	7.952.466	3	0	0	1.795.224	21.516.949	36.592.269	4	6.671.813	2	0	0	0	0
Monfero	2.574.537	1	16.358.368	7	18.676.468	13	0	131.288.946	58.220.305	6	71.157.643	17	31.320.962	23	0	8.199.409
Mugardos	11.563.381	5	1.681	0	0	0	0	748.551	11.565.062	1	748.551	0	0	0	0	0
Narón	42.323.651	20	6.398.156	3	6.241.481	4	1.496.995	10.636.773	63.817.994	7	748.662	0	0	0	1.232.339	1.298.061
Neda	1.822.989	1	10.747.761	5	2.347	0	0	10.290.035	12.573.097	1	8.183.965	2	2.106.070	2	0	0
Ortigueira	6.840.631	3	14.125.528	6	39.965.604	27	1.207.879	147.615.127	133.100.981	15	31.801.564	8	21.574.055	16	0	23.278.169
Pontedeume	3.181.229	1	6.525.309	3	7.177.596	5	0	10.367.299	22.883.452	3	2.364.820	1	2.003.161	1	0	0
As Pontes de García Rodríguez	11.492.967	5	36.217.929	16	12.206.057	8	14.768.152	170.494.805	109.427.012	12	105.237.396	26	25.058.749	19	0	5.456.753
San Sadurniño	18.983.722	9	11.876.404	5	1.476.047	1	240.367	56.988.184	53.158.577	6	23.327.213	6	7.813.676	6	240.367	5.024.891
As Somozas	7.496.445	3	15.558.442	7	5.162.280	3	0	42.800.516	52.568.063	6	17.213.052	4	1.236.568	1	0	0
Valdoviño	30.520.143	14	20.147.609	9	2.410.679	2	0	23.463.129	70.505.731	8	2.118.267	1	1.375.268	1	0	2.542.294
Vilarmador	0	0	6.871.277	3	5.249.644	4	0	15.723.491	19.713.307	2	6.493.397	2	1.637.708	1	0	0
TOTAL	216.527.999		232.656.464		148.156.653			934.946.506	913.927.243		408.838.964		134.715.374		2.207.286	98.134.422

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

PROMEDIO	9.842.182	10.575.294	6.734.393	1.160.712	42.497.568	41.542.147	18.583.589	6.123.426	100.331	4.460.656
-----------------	------------------	-------------------	------------------	------------------	-------------------	-------------------	-------------------	------------------	----------------	------------------

*Imaxe 8. Mapa de Capacidade Produtiva do solo**

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa



* Superficie con capacidade produtiva aquela que se atopa clasificada como A1, A2 e A3 para millo e pasteiros

Se falamos da aptitude para o cultivo de millo, entre os concellos cunha mellor adaptabilidade (A1) para o cultivo de millo, destaca o de Narón, seguido de Valdoviño e Ferrol. Cunha aptitude moderada

(A2) en millo, destaca o concello de As Pontes de García Rodríguez; mentres que cunha aptitude marxinalmente apta (A3), atopamos o concello de Ortigueira, seguido de Mañón e Monfero.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

A aptitude para o cultivo de prado, é altamente apta (A1) no concello de Ortigueira, sen embargo, cabe mencionar que tamén atopamos neste concello zonas nas que o cultivo de prado é marxinamente apta (A3). O concello de As Pontes de García Rodríguez, destaca

polo súa aptitude moderada (A2) no cultivo de prado; mentres que entre os concellos máis marxinais (A3) para este cultivo, destaca o concello de Monfero.

E.2.2. Identificación de zonas incluídas en selos ou esquemas de certificación da calidade agroalimentaria (D.O., IXP) e/ou forestal

Na seguinte táboa preséntanse os produtos de calidade certificados que se atopan dentro do ámbito do GDR24, distinguindo entre Denominación de Orixe (D.O.) e Indicación Xeográfica Protexida

(I.X.P.), tamén se indica a superficie abarcada e a superficie infrautilizada que atopa no seu interior.

Táboa 28. Produtos agroalimentarios con certificación de calidade D.O.P./I.X.P. no ámbito do GDR24

Tipo	D.O.P./I.X.P	SELO DE CALIDADE	Ámbito	Superficie e do DOP/IXP (ha)	Superficie de terras infrautilizadas (ha)
Bebidas Espirituosas	I.X.P.	I.X.P. Augardente de herbas de Galicia	Todos	162.220	15.012
	I.X.P.	I.X.P. Licor café de Galicia	Todos	162.220	15.012
	I.X.P.	I.X.P. Licor de herbas de Galicia	Todos	162.220	15.012
	I.X.P.	I.X.P. Orujo de Galicia	Todos	162.220	15.012
Carnes Frescas	I.X.P.	I.X.P. Tenreira Galega	Todos	162.220	15.012
Embutidos e Produtos Cárnicos	I.X.P.	I.X.P. Lacón Galega	Todos	162.220	15.012
Moluscos	D.O.P.	D.O.P Mexillón de Galicia	Todos	162.220	15.012
Hortalizas	I.X.P.	I.X.P. Grelos de Galicia	Todos	162.220	15.012
	I.X.P.	I.X.P. Pemento do Couto	Ares, As Somozas, Cedeira, Fene, Ferrol, Moeche, Mugar dos, Narón, Neda, San Sadurniño e Valdoviño.	62.344	3.311
Meles	I.X.P.	I.X.P. Mel de Galicia	Todos	162.220	15.012
Produtos de Panadería, Pastelería, Repostería	I.X.P.	I.X.P. Tarta de Santiago	Todos	162.220	15.012

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Tipo	D.O.P/I.X.P	SELO DE CALIDADE	Ámbito	Superfici e do DOP/IXP (ha)	Superficie de terras infrautilizadas (ha)
	I.X.P.	I.X.P. Pan Galego	Todos	162.220	15.012
Queixos e Manteigas	D.O.P.	D.O.P.Queixo Tetilla	Todos	162.220	15.012

A I.X.P. Pemento do Couto é a única que non abarca todo o territorio do GDR, por non estar nos pregos de condicións, e tan só abarca parte dos concellos.

E.2.3. Caracterización do abandono das terras agrarias

Identifícanse aquelas superficies que presentando unha boa aptitude para a produción (para un ou outro dos dous cultivos de referencia seleccionados), presentan un nivel de xestión baixo, utilizando como indicador a cobertura de mato.

A caracterización obtense como resultado da superposición da cartografía empregada para estudar a evolución de usos, concretamente a cartografía aportada polo MFE 2020, e a cartografía xerada a partir do Mapa de capacidades produtivas dos solos de Galicia (1984) de Díaz-Fierros e Gil Sotres.

Neste estudo enténdese como superficie infrautilizada aquela que procede do solape entre o terreo catalogado como superficie rasa ou a matogueira no MFE 2020, co terreo catalogado como superficie con aptitude agraria definida no apartado “E.2.1. Caracterización da aptitude agraria dos solos”.

A Consellería de Medio Rural tamén aporta unha cartografía referente a “terra agraria infrautilizada”, elaborada a partir do SIOSE 5k (2017), seleccionando os valores que para este traballo se consideraron asimilables a mato, e que se corresponden no campo Id_cobertura máxima cos valores 300, 301, 302 e 320. Unha vez seleccionados estes valores, realizouse unha intersección co mapa dixitalizado da capacidade produtiva dos solos de Galicia, desbotando aquelas xeometrías que non se solapan con aptitudes A1, A2 ou A3 para millo ou prado

Tamén se indica aquela superficie con potencialidade agraria que se atopa en terreo afectado por Rede Natura 2000 e por MVMC (montes veciñais en man común).

Táboa 29. Superficies con potencialidade agraria no GDR por concello

Superposición MFE 2020 ca superficie con aptitude agrícola

Capa aportada por Medio Rural (2017)




Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Concello	Superficie a mato (ha)	Superficie infrautilizada(ha)	Superficie infrautilizada Rede Natura 2000 (ha)	Superficie infrautilizada MVMC (ha)	Superficie infrautilizada (ha)
Ares	297	297	0	0	554
Cabanas	70	70	31	0	501
Capela, A	1.328	634	471	113	1.197
Cariño	1.327	561	474	503	385
Cedeira	904	488	396	232	459
Cerdido	34	34	0	0	409
Fene	33	33	0	0	883
Ferrol	1.604	543	192	43	362
Mañón	1.260	1.080	215	465	854
Miño	0	0	0	0	1.356
Moeche	62	62	0	0	275
Monfero	2.982	2.420	1.156	600	434
Mugardos	8	8	0	0	935
Narón	408	326	172	0	886
Neda	157	157	0	3	8.340
Ortigueira	2.013	1.379	95	456	1.194
Pontedeume	7	7	0	0	1.921
Pontes de García Rodríguez, As	5.855	5.503	596	207	199
San Sadurniño	739	435	234	2	4.022
Somozas, As	638	638	103	0	2.220
Valdoviño	545	324	265	0	1.232
Vilarmador	13	13	0	3	192
TOTAL	20.287	15.012	4.402	2.628	28.808
PROMEDIO	922	682	200	119	1.309

Imaxe 9. Mapa de superficie infrautilizada

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa



Á vista dos datos anteriores, entre os concellos que contan cunha boa aptitude para a produción (para un ou outro dos dous cultivos de referencia seleccionados), pero presentan un nivel de xestión baixo, utilizando como indicador unha superficie maior de cobertura de mato, atópase, en primeiro lugar, As Pontes de García Rodríguez, cunha superficie de mato bastante mais elevada que o resto de concellos (5.855 ha). En segundo e terceiro lugar sitúanse os

concellos de Monfero e Ortigueira, con unha superficie de mato superior as 2.000 ha.

A continuación expóñense as superficies con potencialidade agraria no GDR, é dicir, aquela superficie infrautilizada, cuxa actividade ou uso non coincide co uso agrogandeiro e forestal identificado no Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia, e que teñen boas características para o seu aproveitamento agrícola.

Táboa 30. Superficies con potencialidade agraria no GDR segundo o MFE 2020 por parroquia

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

Concello e Parroquia	Superficie infrautilizada (ha)	Superficie infrautilizada sen PAC (ha)
A CAPELA	633,59	261,24
A Capela (Santiago)	240,95	122,10
Caaveiro (San Boulo)	299,11	59,63
Cabalar (Santa María)	93,54	79,51
ARES	296,81	296,81
Ares (San Xosé)	48,72	48,72
Cervás (San Pedro)	248,08	248,08
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ	5.502,85	5.004,17
A Faeira (San Pedro)	328,07	296,45
